Nº 16

MARUXÍA

Portadas finalistas

Maruxia nº 16

Edita:
Asociación cultural "Os Matos"
Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística

Coordinación:
Miruca Parga Valiña
Ricardo Santos Garrido

Portada:
Imaxe: Mónica Cortiñas Pardeiro
Deseño gráfico: Andrea Rodríguez Cillero
Yaiza Pernas Ónega

Maquetación e deseño:
Drea, Yaiza, Enol, Diego, Cholo, Lucía, Alba, Rocío, Cristina e Alejandro (1º BAC)

Impresión:
Gráficas Arfe - Burela

Depósito Legal: LU-171-00

Para o deseño desta publicación utilizouse software libre: Scribus, Gimp baixo Ubuntu 9.10

Índice

Editorial 2

Actividades extraescolares

Visita dos alumnos franceses a Burela ---------- 5
Avatar ---------- 13
Viagem a Ponte de Lima ---------- 38

Actividades no centro

Native American Traditions ---------- 18
Le médecin malgré lui ---------- 25
Taller lingüístico no IES Perdouro ---------- 41

Poesía

Un día no instituto ---------- 21
Poemas de amor ---------- 42

Relatos

Quero ser a túa noiva! ---------- 31
Ester's life ---------- 44

Traballos de investigación

Nelson Mandela ---------- 8
Jesse Owens ---------- 16
Marie Curie ---------- 23
2010: Ano Santo Compostelán ---------- 29
Michael Jackson ---------- 32
Chopin e Schumann ---------- 64

Entrevistas

Juan Sama ---------- 3
Karina ---------- 4
Torques MC ---------- 36

Banda Deseñada

Entrevista a Manel Cráneo ---------- 19
Vémonos o vindeiro curso ---------- 34
Carlos Portela ---------- 63

Premios

A Chusca dos meus ollos ---------- 14
Premios A.C Os Matos ---------- 46

Consellos

A beleza na lacena ---------- 10
Prevención da dor de costas ---------- 22
Coidado do cabelo ---------- 33

Editorial

Neste curso Maruxía presenta, como vedes, algúns cambios: un novo formato, maior utilización da cor... En toda traxectoria cómpre unha evolución e o noso desexo é que este proxecto sexa algo dinámico e con afán de renovación. Por iso, introducimos modificacións, e as estéticas non son as máis importantes. O maior logro nesta ocasión é que o consello de redacción e o equipo de maquetación ampliouse significativamente. Neste número, un grupo de alumnos de 1º de BAC seleccionamos, revisamos e maquetamos os contidos da revista. Tamén agrupamos os artigos en distintas seccións e cada unha delas é unicamente unha pequena mostra do labor que se realiza no centro, da nosa creatividade e da nosa aprendizaxe. Non aparecen aquí, nin moito menos, todas as actividades extraescolares ou todos os premios ou todas as creacións literarias deste curso. Non é a nosa intención que os contidos se fagan repetitivos. Simplemente queremos que esta publicación sexa unha ventá ao exterior e que calquera que mostre un pouco de interese sobre o que pasa no I.E.S. Perdouro poida mirar por ela e ver que hai dentro.

Esperamos que o noso quefacer académico vos pareza interesante. A nós resultounos moi gratificante pór nas vosas mans este exemplar.

Equipo de redacción e maquetación

Juan Sama

Nesta entrevista quixemos facerlle unhas preguntas a Juan Sama, o director do IES Perdouro de Burela. Con el tratamos distintos temas con respecto ao ámbito da educación.

-Canto tempo leva a cargo da directiva do centro? Que cambios supuxo na súa vida laboral?

Vai facer catro anos en xuño. O cambio foi tremendo, porque é un labor distinto ao que facía, xa que é moita a diferenza de pasar de profesor de Tecnoloxía a director.

-Como leva vostede o traballo de controlar un instituto no que hai tantos rapaces e rapazas?

Como podo; non o fago eu só, tamén conto coa colaboración do profesorado. Lévoo ben se é só controlar os alumnos.

-Referente aos distintos aspectos do instituto, é vostede o que decide o que facer ou a Xunta impón certas normas?

Hai unha lexislación educativa que hai que cumprir. Pero o centro goza de autonomía para xestionarse, sempre cumprindo a norma vixente.

-Os cartos investidos no instituto, son xestionados pola Consellería ou polo propio centro?

A Consellería asígnanos uns orzamentos para gastos de funcionamento e outras partidas varias para os distintos departamentos do centro, reforzos, dinamización lingüística, biblioteca... Unha vez que temos eses cartos, son xestionados por nós. É igual que a paga que vos dan vosos pais; eles danvos o diñeiro e vós sodes os que decidides en que gastalo ou, en caso contrario, gardalo.

-En Burela hai moita xente inmigrante. Cre que necesitan a mesma atención estes, sen demasiados coñecementos da lingua, ca os demais alumnos? E cre que se integran ben no colexio e na materia dada?

Non, necesitan unha atención especializada, por todo: pola situación académica, persoal..., pois chegan a un sitio novo e do que descoñecen a lingua, o fun-cionamento da nosa sociedade... Precisan un trato especial, de acordo coas súas necesidades.

É difícil que se integren ben; facemos o posible para que sexa así, pero falta unha resposta máis efectiva do sistema educativo do que formamos parte.

-Que lle parece a vostede a proposta de ensinar un terzo das clases en galego, outro terzo en castelán e outro en inglés?

Unha utopía. É moi complicado, empezando xa pola formación que temos o profesorado no idioma inglés.

-Agora que xa sabe o que este cargo supón, pensa en deixalo e adicarse a impartir unha materia como no pasado?

Si, pois creo na rotación de cargos ao longo do tempo e as miñas intencións profesionais van máis orientadas ao campo relacionado coa miña especialidade, a Tecnoloxía.

-Que normas lle gustaría incluír noutros ou neste centro para mellorar os resultados académicos e os aspectos referidos aos estudantes?

Só faría unha cousa, eliminaría de golpe as probas que tiveran relación coa asimilación de contidos de forma memorística.

Lúa Vazquez Ferreiro
Gorety Pérez Díaz
4º ESO B

Karina

Hoxe entrevistamos á vicediretora do IES Perdouro, Karina Parga Chao, encargada do programa de intercabio con Francia que se realiza cada ano.

-Dende cando participa no programa de intercambio?
Participei un ano no Monte Castelo e sete neste centro.
-Por que decidiu participar?
Porque penso que, cando se estuda un idioma, hai que velo e sentilo. Ver como viven, como son os lugares máis importantes, etc.
-Resulta difícil organizalo todo?
É moi laborioso porque ademais de ir a Bretaña tamén imos a Paris. Conto coa miña compañeira en Francia que é a que organiza as actividades cando estamos alí e síntome moi agradecida ao ver a felicidade dos nenos.
Economicamente teño que axustar moito os prezos. Pero normalmente conto coa axuda da Xunta, aínda que este ano suspenderon as axudas e pensabamos en suspender os días en París pero ás familias non lles importou pagar un pouco máis e contamos tamén coa axuda do centro, coma todos os anos.

-Cal é o lugar que pensa que causa máis admiración aos alumnos? Por que?
Para cada alumno é diferente, pero eu creo que París, con todos os monumentos que hai, e sobre todo a Tour Eiffel.
-Non resulta aburrido ir aos mesmos lugares todo os anos?
Un pouco, xa non miras con tanta admiración como ao principio. E ademais estás pendente de que non se perdan, de que se porten ben...
-Pensa que os alumnos se adaptan ben cunha familia, que case non coñecen, máis dunha semana?
Para nós é moito máis doado porque veñen eles primeiro. Ademais Internet faino aínda máis fácil xa que falan entre eles, envíanse fotos, etc. Pero en xeral adáptanse ben. Iso si, hai moita timidez. Teñen medo de parecer maleducados. O momento máis difícil é a fin de semana cando chegamos que están eles sós coas familias, pero penso que o pasan moi ben.
-Cales son os momentos máis emotivos da viaxe?
As despedidas.
-Os alumnos regresan coas mesmas ganas coas que se marchan para Francia?
Non, veñen moi tristes, con ganas de quedarse máis días porque únense moito e víveno todo xuntos

Cristina Oroza
Fátima Vaz
4º ESO B

Visita dos alumnos franceses a Burela

O pasado mes de febreiro, recibimos a visita tan esperada dos alumnos franceses de 3ème Sección Europea. Un total de 22 alumnos acompañados por tres dos seus profesores do Collège Jean Monnet da localidade bretona de Janzé estiveron de visita en Burela como parte dun intercambio lingüístico entre os centros de ensinanza IES Perdouro de Burela e o collège Jean Monnet de Janzé. Os rapaces permaneceron unha semana en Burela, onde se aloxaron coas familias.

Este intercambio está promovido polo departamento de Francés, con Karina Parga ao fronte, quen deseñou un completo programa de actividades culturais para o goce dos adolescentes na súa estancia en Galicia. Tras ser recibidos pola mañá polo director do instituto local, Juan Gabriel Sama Díez, os rapaces galos estiveron vendo Burela, o seu porto e as vistas desde o Monte Castelo. Ademais coñeceron a fábrica de Sargadelos e o proceso de fabricación da cerámica. Os rapaces participantes no encontro tamén foron recibidos polo alcalde, Alfredo Llano, a tenente de alcalde, Neves Cando, e a Concelleira de Educación, Lucía Bouzas, nun acto de benvida no Salón de Plenos, no que lles entregaron uns regalos da vila (chaveiros e folletos turísticos).

Ao día seguinte á súa chegada, realizaron unhas cantas visitas para coñecer o noso contorno. Viaxaron, en compañía dos alumnos do instituto, á Coruña, cidade na que se achegaron ata a Casa das Ciencias, a Casa do Home, a Casa dos Peixes e a Torre de Hércules. Como non podía ser doutro modo neste ano xacobeo, os alumnos realizaron unha excursión a Santiago de Compostela, onde visitaron o Museo do Pobo Galego, as cubertas da catedral e a exposición 'Galicia Dixital'.

E para clausurar a semana, como parte dun programa de actividades escolares, os rapaces asistiron a clases cos seus homólogos galegos e realizaron un xogo de pista didáctico nas instalacións do Instituto e nas rúas de Burela.

Ambas profesoras encargadas de coordinar o programa, Karina Parga (IES Perdouro) e Servane Le Gagne (Collège Jean Monnet), destacaron o enriquecemento lingüístico e cultural que supón para os alumnos participar en actividades como esta.

VIAXE A FRANCIA

22 alumnas/os de 3º e 4º ESO do IES Perdouro viaxaron a Francia con motivo do intercambio que manteñen co Collège "Jean Monnet" entre o 17 e 27 de marzo de 2010.

Os estudantes de 3º e 4º de ESO do IES Perdouro participaron neste programa e deron comezo a unha aventura difícil de esquecer. O intercambio lingüístico transfronteirizo entre mozos da comarca de Janzé, da Bretaña francesa, e de Burela permitiu durante dez días convivir coas xentes dunha localidade preparada para acollelos.

Un programa intenso

A primeira parada foi a capital francesa, París. Alí realizaron unha visita aos lugares máis emblemáticos da cidade da Luz, paseando en bateau-mouche polo río Sena e aproveitando a noite para ver a Torre Eiffel escintilar e o conxunto monumental iluminado. Ademais, pararon a visitar o Museo do Louvre, un dos museos máis importantes de Europa, onde puideron ver a Mona Lisa, a Vitoria de Samotracia, a Venus de Milo e a colección sobre Exipto. Logo de tanta cultura durante dous días en París, os alumnos puideron gozar dun día de lecer no parque temático de DisneyLand.

Unha axenda completa cun itinerario marcadamente cultural por Bretaña.

A finalidade do intercambio é, como non, o encontro entre os mozos. Logo da acollida dos franceses en Burela, no pasado mes de febreiro, agora tocaba o reencontro no país galo. Alí esperábaos un programa de actividades deseñado pola profesora do Collège Jean Mo-nnet de Janzé, Servane Le Gagne.

Os nosos alumnos de francés de 3º e 4º da ESO atóparonse convivindo cos seus "correspondentes" franceses e coas súas familias o que supuxo para eles a necesidade de empregar con asiduidade a lingua francesa. Ademais, visitaron e coñeceron a rexión onde se encontra a vila

de Janzé e participaron en numerosas actividades deportivas e pedagóxicas.
O luns, unha vez recibidos polo Director do centro, os alumnos galegos puideron asistir ás clases e observar o sistema educativo francés. Tamén o grupo de alumnos foron recibidos pola mañá polas autoridades locais no concello de Janzé dotando de carácter institucional ao Proxecto de Intercambio entre os dous centros.
Ademais da formación académica recibida no colexio, os alumnos completaron a súa estancia visitando o pobo medieval de Châteaugiron, a cidade amurallada de Saint Malo, coñecida como a cidade dos Corsarios, bombardeada case na súa totalidade na Segunda Guerra Mundial.
Ao día seguinte visitaron detidamente a mundialmente recoñecida abadía do Mont Saint Michel e realizaron un obradoiro medioambiental sobre o ecosistema da baía do Monte.
Achegáronse o xoves a coñecer o conxunto megalítico de Carnac, o Cairn de Gavrinis, construído arredor do 3500 a.C., cuxa particularidade son os magníficos gravados neolíticos únicos conservados por estar situados nunha illa e, deste xeito, estar a salvo das pillaxes, e o Dolmen da Roche aux Fées, onde descubriron a lenda que escondía esta alameda de pedras erguidas. Tamén descubriron a vila de Vannes mediante un xogo de pistas.
Finalizaron o seu percorrido por Bretaña visitando a capital do departamento, Rennes, o seu casco histórico e o seu parlamento.
O último día, antes de partir, os nosos mozos gozaron dunha cea de despedida tipicamente bretona.
Este foi o quinto ano consecutivo que ambos centros organizan os intercambios cos que pretenden mellorar a competencia lingüística dos alumnos.
Ambas profesoras encargadas de coordinar o programa, Karina Parga e Servane Le Gagne, destacan o enriquecemento lingüístico e cultural que supón para os alumnos participar en actividades coma esta.

Karina Parga Chao

Nelson Mandela

BIOGRAFÍA

Naceu o 18 de xullo de 1918 en Qunu, coñecido no seu país como "Madiba" foi o primeiro presidente de Sudáfrica elixido democraticamente mediante sufraxio universal. Antes de ser elixido presidente foi un importante activista contra o apartheid por mor do cal foi encarcerado durante 27 anos. Durante o seu encarceramento, Mandela converteuse na figura máis representativa da loita contra o apartheid, sendo un personaxe clave na pacífica transición á democracia representativa en Sudáfrica e un estadista internacionalmente coñecido e influente. En 1944 ingresou no Congreso Nacional Africano (ANC), un movemento de loita contra a opresión dos negros sudafricanos. Mandela foi un dos líderes da Liga da Mocidade do Congreso, que chegaría a constituír o grupo dominante do ANC; a súa ideoloxía era un socialismo africano: nacionalista, antirracista e anti-imperialista. En 1948 chegou ao poder en Sudáfrica o Partido Nacional, que institucionalizou a segregación racial creando o réxime do apartheid. Baixo a inspiración de Gandhi, o ANC propugnaba métodos de loita non violentos: a Liga da Mocidade (presidida por Mandela en 1951-52) organizou campañas de desobediencia civil contra as leis segregacionistas. En 1952 Mandela pasou a presidir o ANC do Transvaal, á vez que dirixía aos voluntarios que desafiaban ao réxime; converteuse no líder de feito do movemento. A represión produciu 8.000 detencións, incluíndo a de Mandela, que foi confinado en Johannesburgo. Alí estableceu o primeiro bufete de avogados negros de Sudáfrica. En 1955, cumpridas as súas condenas, reapareceu en público, promovendo a aprobación dunha Carta da Liberdade, na que se plasmaba a aspiración a un Estado multirracial, igualitario e democrático, unha reforma agraria e unha política de xustiza social na repartición da riqueza.

PRISIÓN

Nelson Mandela foi encarcerado na prisión de Robben Island, onde permaneceu durante dezaoito dos seus vinte e sete anos de presidio. Mentres estivo no cárcere, a súa reputación creceu e chegou a ser coñecido como o líder negro máis importante en Sudáfrica. No cárcere, el e outros presos realizaban traballos forzados nunha canteira de cal. As condicións de reclusión eran moi rigorosas. Os prisioneiros foron segregados por raza e



os negros recibían menos racións.
Os presos políticos eran separados dos delincuentes comúns e tiñan menos privilexios. Mandela, como prisioneiro do grupo máis baixo da clasificación, só tiña permitido un visitante e unha carta cada seis meses. As cartas, se chegaban, eran a miúdo atrasadas durante longos períodos e lidas polos censores da prisión. Mentres estivo no cárcere, Mandela estudou por correspondencia a través do programa externo da Universidade de Londres, obtendo o grao de Licenciado en Dereito. Foi nomeado para o cargo de Reitor da Universidade de Londres nas eleccións de 1981, pero gañou a Princesa Anne. En 1988 Mandela foi trasladado á prisión Víctor Verster, permanecendo alí ata a súa liberación. Diversas restricións foron levantadas e persoas como Harry Schwarz puideron visitalo. Harry, un amigo de Mandela, coñecíao desde a universidade onde foran compañeiros de clase. Este foi avogado defensor no xuízo de Rivonia e máis tarde sería embaixador de Sudáfrica en Washington.

PREMIOS E CONDECORACIÓNS

Mandela recibiu ao redor de 50 doutoramentos honoris causa por distintas universidades do mundo e outros premios como: Arthur Ashe Award (2009), Embaixador da Conciencia, premio outorgado por Amnistía Internacional (2006), Premio Nobel da Paz en 1993, Premio da Paz de Mahatma Gandhi, Orde de Canadá, Premio Príncipe de Asturias de Cooperación Internacional (1992), Orde de San Xoán, Medalla Presidencial da Liberdade (2002), Orde ao Mérito do Reino Unido (1995), Premio Lenin da Paz (1962), Premio Internacional Simón Bolívar (1983), Premio Nacional da Paz (1995), Premio Sajarov (1988), Escultura no Palacio de Westminster, Londres (2007) e Orde do Mérito da FIFA.

Diego Martínez Iglesias
4º ESO B

A beleza na lacena

Cantas veces nos miramos ao espello e vemos que ese maldito gran non para de medrar cando máis necesitamos que desapareza?
Pensemos: a pel é un órgano vivo e como tal necesita dos teus coidados. Xa, xa sei que algunha vez aplicas unha crema crendo que pode ter poderes máxicos.
ERRO!!! O primeiro paso que temos que aprender é a constancia. Démoslle tempo para que mellore; coidémola día a día.
Ante todo quero dicirche como profesional da Imaxe Persoal, que nin sinto adoración polo natural, nin moito menos manía polo químico. O mellor é alternar uns e outros produtos na procura dos mellores resultados.
Aí van uns pequenos consellos. Se te animas a seguilos, verás que ata resulta agradable practicalos. A túa pel agradeceracho lucindo máis sa e, ademais, temos a vantaxe de que son moi baratos. Tanto que para conseguir os ingredientes só tes que entrar na cociña e abrir lacenas. Arríscate e próbaos!!!!

Como aplicar os produtos



En xeral, os cosméticos esténdense sempre en sentido ascendente (partindo do pescozo) cara ao nacemento do cabelo. As mascariñas, salvo excepcións, aplícanse sobre o pescozo e rostro exceptuando orbiculares de ollos e labios.
·Limpadores ou desmaquillantes: esténdense a toques por rostro e pescozo (exceptuando ollos e labios) e con movementos ascendentes e rotativos emulsiónase a maquillaxe ou sucidade producida pola contaminación de forma rápida e suave. De seguido, retírase o produto con esponxas desmaquillantes ou algodóns humedecidos en auga morna. Repítese a operación ata a total eliminación da crema e sucidade.
·Tónicos e locións: existen dúas formas de aplicar este tipo de produtos:
- Cando se está a realizar a limpeza e unha vez retirada a limpadora, pasaranse algodóns mollados en tónico, deslizándoos sobre o rostro e pescozo co fin de eliminar restos de sucidade ou crema.
- Se o que queremos é tonificar a pel, entón aplícase o tónico dando pequenos golpes sobre o rostro e pescozo, deixando que se evapore e procurando que a pel quede húmida mais non mollada.
·Hidratantes e nutritivas: estas cremas aplícanse no mesmo sentido da limpadora mais deslizando os dedos sobre a pel, sen movementos circulares. As cremas hidratantes deben usarse tantas veces como sexa necesario ao longo do día, se vemos que a pel se nos volve "tirante". As nutritivas pola contra úsanse en pouca cantidade xa que un exceso de produto pode tapar os poros.

Produtos naturais

As formas máis habituais de empregar as plantas en cosmética son: decocción, maceración, cataplasma e baños.
Con axuda dun dicionario ou de Internet descubre as diferenzas entre cada unha delas.
Imos ver agora que con produtos que temos na casa e un pouco de maña poderemos manter as nosas peles en bo estado de limpeza e hidratación:

Limpadores ou desmaquillantes: salvo que se especifique o contrario, serven para todo tipo de peles
1- Iogur: mestura unha cullerada de iogur natural e unha cullerada de zume de limón. Mestura ben e aplica.
2- Leite: quenta lixeiramente dúas culleradas de leite e engádelle unhas gotas de aceite de oliva (cru), axita ben ata conseguir unha emulsión e aplica.
3- Mel: mestura a partes iguais leite cru con mel puro.
4- Aceites: poden usarse directamente; os de oliva para peles graxas e o de améndoas doces para peles deshidratadas

Tónicos e locións: sempre que estes preparados conteñan auga, o mellor é usar auga de manantial ou de tipo mineral xa que a da billa non é a máis axeitada.
1- Aceite de rícino: é ideal para masaxes, para rebrandecer puntos negros (comedóns) e en certo tipo de acne.
2- Arroz: a auga de cocer o arroz está indicada para peles graxas xa que cerra os poros. En caso de irritación ou sensibilidade non pode aplicarse.
3- Leituga: como loción hidratante: ferve as follas de leituga (pequena) durante 10 minutos en ½ litro de auga; unha vez fría, retira as follas e envasa a auga. Garda na neveira para conservar (ata 8 días máximo)
4- Menta: lixeiramente desinfectante. Está indicada para peles con acne e irritadas. Axuda á extracción de puntos negros. Úsase en infusión.
5- Perexil: pon un puñado de perexil nunha taza de auga fervendo, tapa e deixa ata que chegue a temperatura ambiente. Aplica en forma de cataplasma durante 10 ou 15 minutos diariamente. Está moi recomendado para acne e manchas.

Cremas tratantes
1- Aguacate: machaca completamente a súa polpa, aplica como crema de masaxe facial en todo tipo de peles excepto as graxas.
2- Aceite de oliva: mestura a partes iguais con zume de limón e auga de rosas e aplica como nutritiva. Suaviza peles graxas ou mixtas.

Mascariñas

1- Aloe Vera: para usala en fresco córtase unha folla e lávase; extráese a xelatina que se pode usar directamete ou asociada a outros cosméticos. No caso de non usar toda a folla, o que sobra pode gardarse na neveira. Como mascariña pódese preparar da seguinte maneira: mestura 2 culleriñas de xelatina cunha de mel e dúas de caolín. É ideal para o acne, enrugas, manchas, estrías e tamén en pescozo e mans. Tamén se pode usar a xelatina en calquera das mascariñas que se fagan ou en calquera outro cosmético nas seguintes proporcións: limpadoras (36%), tónico (50%), cremas (65%) e hidratantes (85%)

2- Tomate: centrifuga varios tomates e mestura con clara de ovo. Limpa e desconxestiona as peles graxas e mixtas. No caso de poros dilatados engádese un pouco de zume de limón ou pomelo.

3- Pexego: a súa polpa machacada soa ou engadida a outros produtos ten propiedades nutritivas e hidratantes en peles secas.

4- Uva: ten propiedades hidratantes e suaviza enrugas de expresión, aclara pencas e normaliza peles graxas. Pódese incorporar ben o zume ou a polpa noutras mascariñas.

Peeling (Redutores de capa córnea descamante)

1- Fariña de avea: mestura con leite fresco até que colla un aspecto cremoso. Aplica sobre o rostro e pescozo e frota suavemente durante uns 3 minutos. Elimina e aplica unha loción segundo o tipo de pel.

2- Aguacate: úsase a parte interior da pel desta froita deixando que actúe uns minutos, logo frótase suavemente. Pode producir un lixeiro picor sen importancia. Para retiralo faino con infusións calmantes.

3- Fariña de millo: trátase de frotar a fariña húmida. Tamén se pode humedecer a pel previamente.

Os "peelings" axudan a manter a pel limpa, brillante e suave, mais non deben facerse máis dunha vez por semana

BOA BELEZA!!!!!!

Begoña Rodríguez Muñiz
Profesora C.M. Perrucaría

Avatar

O día 2 de febreiro os alumnos e alumnas de 4º de ESO, 1º de bacharelato e o grupo de PCPI asistimos á proxección en Lugo da película Avatar en 3D. Aínda que a súa duración foi de 2 h e media aproximadamente, pagou a pena, xa que a maioría de nós nunca tiveramos a oportunidade de poder ver unha película en 3D e, por riba, cun desenvolvemento tecnolóxico tan avanzado coma este.

O seu argumento cóntanos a historia dun home que é enviado ao planeta Pandora para infiltrase na vida dos seus habitantes (unha raza superior á humana chamados Na´vi) e poder coseguir un mineral con gran valor no mercado. Co paso do tempo o rapaz comeza a poñerse en contra do seu goberno e é cando deciden enviar a un grupo de marines para que acaben o traballo. A partir de aí comeza unha guerra pola supervivencia e para salvar o planeta.

Daniel Otero Ramos, 1º BAC B

A Chusca dos meus ollos

Era o último da consulta do doutor don Xaquín. A miña enfermidade non parecía grave, pero non me encontraba ben. Estaba claro que Manola me pasara a gripe. E iso que lle dixera que se apartara de min! Ben, de todas todas, o que máis me importaba non era o da enfermidade senón o feito de chegar tarde. A pesar de que miña nai me tiña avisado, eu sempre me retrasaba, era a miña forma de ser. Eu ben sei que as malas linguas dicían que era para facerme o importante. E pensándoo ben, tampouco vou dicir que non, pero tampouco que si, por Deus, pasaríame por enriba, e a miña loita co Romualdo por Chusca poñería punto e final. E esta é a miña historia.

Eu era un rapaz, segundo dicía a miña veciña Xosefa, pouco estudoso pero bo. Eu vivía "en la Coru" (como soían dicir os "guais"), na avenida Alfonso Molina, número 284 C. No décimo piso. Alí, o pouco que había eran as rifas dos señores do noveno e os ruídos dos coches continuamente que pasaban e pasaban sen parar. Meu pai era mariño mercante, capitán para ser exacto. Agora mesmo está nunha viaxe cara a Escocia. E miña nai era a ama de casa dun dos homes máis prestixiosos da Coruña. A xente andaba alborotada coa liberdade xa que acababa de morrer Franco e Adolfo Suárez era o presidente de España.

Nove da mañá. Un luns. Todo apurado, non chego e vou perder o bus. Polo camiño encóntrome o meu amigo Alberte. Alberte é o meu mellor amigo. Ten unha musculatura impresionante. Tardei en recoñecelo xa que a néboa da mañá era moi espesa.

-Ei, Alberteeeeeeeee!

-Ei, Xoán, como estás?-dixo el- Como che foi a fin de semana?

-Bah, bastante ben.

E nisto sentimos o ruído do motor do bus e vémolo pasar. Romualdo saudaba con cara de cocho, xa que ía sentado ao lado de Chusca.

-Que noxo lle teño! -dixo Alberte con desprezo.

- Pois eu! - contesteille.

- Cando o colla, rebéntoo! -argumentou con rabia.

- Ei, para o carro, non te poñas fero que nos coñecemos, agora o que hai que ir pensando é como imos ao colexio -dixen responsablemente.

-Ja, ja! É ben simple, "no coche de San Fernando, unhas veces a pé e outras andando" -contestou.

- Ti estás "majareta", sabes a distancia que hai?

- Amigo meu, non hai outra solución- dixo.

E botámonos ao galope rúa abaixo. Pasamos polo lado dun edificio en construción, sentimos un ruído e miramos ao noso lado. Un martelo acababa de caer do tellado! Uns obreiros pedíronnos perdón e dixeron que se podiamos subir arriba para levárllelo. E nós, sen ningunha gana, (xa que Romualdo estaba con Chusca) non soubemos dicir que non, e subimos. Démoslles o martelo e volvemos para abaixo. Nisto, vimos ao pai de Alberte que traballa nunha libraría e ía buscar uns pedidos. Ao vernos, parou.

-Ei, rapaces, que facedes aquí?

- Non, nada, é que perdemos o bus e imos andando ao instituto -contestou Alberte.

- Veña, achégovos eu ata alí -contestou sen moito agrado.

- Grazas -contestei tomando o mando.
Ao chegarmos ao colexio xa entraran había dez minutos. Estaban en Naturais. Entramos na clase, eu coma sempre facéndome o importante e facendo xestos cara a Chusca.
-Señoritos Alberte e Xoán, por que chegades tarde?- díxonos Miguel, o profesor de Naturais.
-Porque perdemos o bus, xusto cando chegamos á parada arrincaba -contestou Alberte
-E logo... ninguén vos viu?-preguntou o profesor.
-Si, Romualdo. Pero non avisou ao condutor porque mantén unha loita con..., ai!- pegueille unha cobadada porque senón xa o soltaba todo de rego, co despistado que é!
- Non, siga a falar- dixo Miguel con interese.
- Porque..... é un mal amigo -dixen eu salvando a situación.
- Iso, é un mal amigo -argumentou con nervios.
- É iso verdade, señorito Romualdo? -preguntou o profesor.
- Que va! É todiño mentira -contestou el coa cara de mamalón que ten.
- Non mintas, e ben que sorriches porque ías ao lado de Chusca, porque sabes que a Xoán..., ou!- deulle outra; está claro que Alberte non sabe o que di e cando se pon a falar pérdese.
- Porque sabe que me dá rabia perder clase, co que me gusta a min vir ao instituto- era mentira, á mínima décima de febre que tivera xa inventaba algunha escusa para perder clase.
- Ben, ímolo deixar así -argumentou Miguel.
Á saída ao recreo achegóuseme Chusca e detrás dela Romualdo. Eu estaba bebendo na fonte do instituto, e comigo estaba Alberte.
- Que dis ti que me estaba a rir? -dixo Romualdo coa maior cara de desprezo do mundo.
- O que oes, papamoscas! -contestei
-Si que é verdade, Romualdo. Cando arrincou o bus ti estabas a rirte -replicou Chusca.
-Ves! Se ata a moza me dá a razón! -contestei eu coa maior chulería do mundo.
Volvín a meterlle outro grolo ao chorro de auga e sinto a Alberte:
-Home, Xoán, tampouco te pases que o de moza aínda está en proxecto -dixo el con toda a ignorancia do mundo.
-Pppsrrr! -botei toda a auga fóra da boca- mira que es ignorante! Non o dicía nese sentido, dicíao no sentido de rapariga.
Á saída do instituto achegóuseme Chusca e díxome:
- O do proxecto ía en serio? -díxome
Eu revireime. Todo vermello. Quedeime de pedra.
-Pois cando queiras empezar a facelo avisa- saquei de pano e limpei a baba.
Luns. Nove da mañá. Miña nai berrando "Xoaaaaaaaaan!".
-Buuuuf! -deume un arrepío. Miúdo soño!

Aitor López Anello de 1º E.S.O. B
Terceiro premio (12 a 14 anos)
XV Certame de relatos Trapero Pardo
Concello de Lugo

Jesse Owens

Jesse Owens foi un atleta estadounidense de orixe afroamericana que fixo historia no deporte mundial fronte aos ollos de Adolf Hitler, nos xogos olímpicos de Berlín de 1936.

O seu nome é James Cleveland e naceu o 12 de setembro de 1913 en Oakville.

Era o sétimo dos once fillos que tiveron Enma e Henry Owens. Era neto dun escravo e fillo dun granxeiro.

Aos oito anos mudouse coa súa familia a Ohio, onde foi bautizado como Jesse por unha mestra que non lle entendía a Owens que se chamaba "J.C", as iniciais de James Cleveland.

Comezou a súa carreira dentro do atletismo en 1928 e o seu adestrador permitíalle adestrar antes da escola xa que despois o rapaz traballaba arranxando zapatos.

Despois de conseguir varios récords intercolexiais, moitas universidades trataron de convencelo para formar parte do seu equipo, porén, o atleta estadounidense decantouse pola Ohio State University, onde a única condición que puxo foi que lles deran traballo a el e a seu pai. E conseguiuno.

Durante este tempo sufriu os efectos da segregación racial en EEUU, xa que en viaxes de equipo da universidade viuse obrigado a comer en restaurantes para negros e a utilizar as portas de servizo e as escaleiras de emerxencia para acceder aos hoteis.

Despois de igualar e superar varios récords e xa terminado o segundo ano como universitario, Jesse sentía que podía render máis nun nivel superior e decide formar parte do equipo estadounidense que participaría nos xogos olímpicos de Berlín de 1936 ou tamén coñecidos como as "olimpíadas de Hitler".

Adolf Hitler estaba mostrando con estes xogos unha renacente Alemaña nazi e el e outros membros do goberno tiñan grandes esperanzas en que os atletas alemáns dominasen os xogos coas súas vitorias. Mentres tanto, a propaganda nazi promovía a superioridade da raza aria e mostraba aos de orixe africana inferiores, chamándolles "bastardos de renania". Mais a capital alemá foi testemuña de catro medallas de ouro obtidas por Owens no estadio olímpico e esta marca non foi igualada ata 1984 por Carl Lewis.

O primeiro día, Hitler só aplaudiu coas vitorias alemás e hai quen afirma que se negou a dar a man a Cornelius Jonson xa que era afroamericano. Os directivos do comité olímpico insistíronlle a Hitler para que lles aplaudira a todos os medallistas ou a ningún, e el optou pola segunda opción.

Historicamente cóntase que cando Jesse pasou fronte ao palco de Adolf Hitler, este nin sequera fixo un xesto para saudalo.

Despois dese día tan especial, todo seguía sendo igual para o rapaz. Non puido viaxar na parte dianteira dos autobuses, volveu á parte traseira, e non podía vivir onde quería. A situación familiar seguiu sendo delicada. En EEUU non lle ofreceron ningún traballo debido á cor da súa pel, o que o levou a converterse en corredor por aluguer: así competiu contra cabalos, motocicletas...

Owens recibiu en 1976 unha medalla da Liberdade e, nos anos posteriores, destacou como embaixador de boa vontade dando charlas en diferentes empresas e a deportistas. Unha escola e unha rúa foron bautizadas co seu nome.

Owens, fumador dun paquete de tabaco diario durante 35 anos, morreu o 31 de marzo de 1980 con 66 anos de idade, debido a un cancro de pulmón. Foi enterrado en Chicago. Finalmente, en1990, o goberno de EEUU premiouno de forma póstuma coa medalla de ouro do Congreso.

Miriam Fernández Rodríguez
1º BAC. B

Native American Traditions

All Native groups on the British Columbia and Alaskan coasts have traditionally carved local trees to build monumental Totem Poles with human and animal forms. Each animal symbolized certain human qualities, just like in the European fables. In ancient times, paints were made from carbon, iron, and copper oxides which last a long time or from coloured earth and seashells.

Carving traditions continue and poles are still being raised in British Columbia (Canada) and elsewhere. These totem poles are one of the most recognizable vestige of Native culture in North America. A totem pole is sometimes something like a family history book. It showed pride in one's heritage and was usually displayed by families and tribes for all to see. Sometimes it is impossible to in-terpret what a certain pole really means without knowing the history of the family that owns it: It´s like a family tree.

After watching the Totem Poles in Stanley Park, Vancouver (British Columbia), just above, 1ºESO students made their own Fa-mily Totem with carboard and a paper tube and described the symbology of the animal forms they represented. Here are two descriptions of their individual "Works of art":

My Family Totem

On the top part of my totem, I've got a buffalo. It represents my grand-father Pepe: strong and generous.Then, comes my grand-father Jorge: the eagle stands for him. It means intelligence and creation.
After that, I made a musk ox. It's my friend Xoel, because he is greedy, slow and big.The Fourth animal stands for my mum: the snake represents my mum because she is impulsive.
A Racoon, the fifth animal, represents my second cousin Eva. Eva is very cunning and quick.

Álvaro Crego 1ºA

My Family Totem

On the top of my totem, I've got a butterfly, it represents my Mum: ability to accept change, transformation, grace.... Then comes my brother. A snake stands for him. It means transformation, wisdom and impulsiveness. After that, I made an owl. It's my cousin. He's a messenger of the insight.In the bottom of my Totem is a squirrel. It's my father, because he's a planner and a gatherer.

Cristina Cigarrán 1ºA

1ºA totems

1ºB totems

Manel Cráneo

O pasado mes de febreiro, con motivo da celebración dos II Encontros de Banda Deseñada na Mariña polo IES Perdouro, os alumnos do noso centro e os do IES Monte Castelo asistimos a un obradoiro de creación de cómic a cargo do autor galego Manel Cráneo. Estivemos con el para facerlle algunhas preguntas:

-Bos días, Manel. Antes de nada, que sensación tes sobre estes encontros que se están a realizar neste instituto?

Bos días, pois paréceme fantástico que se fagan uns encontros nun instituto, porque é unha forma moi boa de achegar o cómic ás novas xeracións e incentivar aos rapaces e rapazas a que se atrevan a entrar no mundo do cómic, tanto como autores como de lectores. Quen sabe, ao mellor de aquí sae algún autor do que vaiamos ler as súas historias dentro duns anos.

-A túa carreira comezou en 1992, xa levas case 20 anos, dentro de pouco xa serás ... un veterano!

Si; nunca me chamaran vello de forma tan elegante (risas), pero a verdade é que xa vou algo maior. Levo 18 anos neste mundo, que pasaron rapidísimo, e aínda penso que o mellor está por vir. Eu penso que por moitos anos que leve traballando un autor sempre debe esforzarse en mellorar, e que ao final o traballo e a práctica é o que fai a un mellor.

-E ti traballaches, entre outros, para a revista Golfiño.

Si, e foi unha experiencia moi boa, xa que esa foi a miña primeira ocasión de empezar a traballar cobrando; porque non é o mesmo debuxar "por amor á arte" que facelo cuns prazos fixos, salario, etc. Ademais **Golfiño** foi a primeira revista independente que se editou para o público xuvenil en Galicia e foi trampolín para moitos debuxantes galegos.

-E despois diso xa fixeches cómics, carteis publicitarios, storyboards... practicamente todo o que está ao alcance dun debuxante.

Efectivamente, porque aquí en España non se pode vivir só do cómic, iso non dá moitos cartos, e en Galicia aínda menos. Entón, a meirande parte dos autores facemos outros encargos para subsistir aquí e evitar "emigrar" ao mercado extranxeiro.

-Fixeches tamén unha serie de debuxos animados.

Traballei nunha serie que se chamaba **O carrabouxo**, da cal se fixeron uns 24 capítulos. Era unha serie moi curta que duraba sobre un minuto e foi emitida xa hai anos pola TVG. Espero que algún día se volva emitir esa serie.

-Das túas últimas obras destacan Damsmitt e Os lobos de Moeche, esta última ambientada nas Revoltas Irmandiñas.

Damsmitt é a miña primeira historia longa e conta con guión de Kike Benlloch, co que xa teño colaborado máis veces, e

está ambientada nunha atmosfera denominada "ciberpunk" que mestura elementos do pasado e do futuro.

E **Os lobos de Moeche** supón a miña primeira publicación en solitario. O tema (as guerras Irmandiñas) interesábame moito, porque eu creo que se os americanos fan a historia de "Braveheart", en Galicia tamén temos historias suficientes para facer cómics; e a partir de aí saíu a historia, da que espero que haxa unha segunda parte.

-Tamén comentabas que che gusta moito a música.

Para min a música é importantísima; son incapaz de traballar sen ela, e ademais sérveme para ambientarme cando vou debuxar algo. E ademais tamén son músico, agora mesmo estou traballando nunha serie de historietas que simula un National Geographic nun planeta imaxinario chamado "Planeta Mincha" e esa música que compuxen para a serie logo poderase descargar gratuitamente na rede.

-E tamén tocas nun grupo...

Toco nunha banda de punk que se chama Error!, pero iso xa é un hobby. Ti colles unha guitarra e soltas catro berros e non vexas como relaxa (risas).

-Ben, pois con isto rematou a entrevista. Moitas grazas, Manel, foi un pracer.

Moitas grazas a vós pola entrevista e grazas ao señor periodista.

Nuno García Pico
3º ESO A

Un día no instituto

Día a día témonos que levantar
para vir ao instituto a estudar!
Estamos moi fartos de madrugar
mais, nin nos deixan protestar!

En cada clase unha explicación,
para cada explicación moita atención,
entre tanta atención algún que outro sermón,
todos rematamos fartos, con razón.

Chega o recreo, todo o mundo está contento,
o termo "estudo" desaparece do pensamento,
xa que é ese o único momento
no que a xente xoga, chova ou faga vento.

Pero, sen dúbida, a nosa hora preferida,
son as dúas e cuarto, cando todo finaliza.
Os profesores marchan fartos de aturarnos,
e nós... ben fartos de estar calados!!!

Non podemos ir de excursión de fin de curso,
que non queiran ir con nós é moi inxusto,
non sabemos por que nos dan este disgusto,
pedimos que ao fin nos cumpran o gusto!!!

Lara Bello 2º ESO A

Prevención da dor de costas

A dor de costas afecta á metade da poboación e é a causa número un de baixa laboral.
Para evitala, é recomendable facer exercicio ou, en todo caso, manterse fisicamente activo, así como cumprir as normas de hixiene postural destinadas a realizar as actividades cotiás de forma que as costas soporten a menor carga posible.

Aquí presentamos unha sinxela táboa de estiramentos e uns exercicios de fortalecemento.
Intenta facer unha táboa de estiramentos todos os días. Calquera momento é bo, aínda que sexan cinco minutos, e verás como as túas costas agradecen este esforzo.

Recomendacións para realizar os exercicios de estiramento:

- Toma aire ao iniciar o exercicio e sóltao amodo na posición final do mes-mo.
- Mantén cada estiramento polo menos 20 segundos.
- Non debes estirar bruscamente, e debes manter a postura ata que sintas unha tensión suave.
- Procura realizar os exercicios na mesma orde, así é mais fácil que os recordes sen mirar polo papel.

Máis información en www.espalda.org



Ánimo
e
Sorte!

María José Fernández Carbajales
Profesora de Educación Física

Marie Curie

Chamouse Marja Sklodowska e naceu en Varsovia (Polonia) o 7 de novembro de 1867. En 1891, con 24 anos, trasladouse a París (onde cambiou o seu nome por Marie) e matriculouse na Universidade da Sorbona. En tan só dous anos licenciouse en Física e un ano máis tarde en Matemáticas, despois obtivo un doutoramento en Ciencias. Pasou á historia por descubrir a radioactividade mais non foi a súa única achega. No ano 1903 obtivo o Premio Nobel de Física polas súas investigacións tan avanzadas neste campo. Ao ano seguinte gañou o de Química en recoñecemento ao descubrimento de elementos como o radio e o polonio e ao estudo da radioactividade. Foi a única muller no seu tempo en obter un premio Nobel e a única persoa en recibir dous galardóns destas características. Tamén foi a primeira profesora en ensinar na prestixiosa universidade francesa da Sorbona, o cal non só fixo dignificar a ciencia, senón tamén a figura da muller, que naquela época se atopaba relegada ao dominio que tiña o home en todos os eidos sociais.

En relación coa súa vida persoal, casou con Pierre Curie e tivo dúas fillas, das cales, a primeira seguiu os seus pasos e logrou sintetizar os novos elementos radioactivos e obtivo tamén un premio Nobel en Química, e a outra escribiu unha biografía completa sobre a súa proxenitora. Como curiosidade, pódese mencionar que unha das súas afeccións menos coñecidas era a composición de poemas, nos cales expresaba os seus sentimentos. Así pois, podémola considerar coma unha muller realmente polifacética, das máis importantes na historia científica.

O seu importante legado foi o citado descubrimento da radioactividade, o cal supuxo un gran progreso na ciencia. A radioactividade defínese como o proceso natural polo cal os núcleos de elementos pesados se descompoñen en núcleos doutros máis lixeiros, partículas subatómicas e raios gamma.

O fenómeno foi descuberto en 1896 polo físico francés Becquerel ao observar que as sales de uranio podían ennegrecer unha placa fotográfica aínda que estiveran separadas da mesma por unha lámina de vidro ou un papel negro. Dous anos máis tarde, Marie Curie (xunto ao seu marido), para levar a cabo a súa tese doutoral, estudou as radiacións descubertas por Becquerel, descubriu as do uranio e torio e ademais descubriu que na pechblenda -un mineral que contén uranio- os residuos eran máis radioactivos ca o propio uranio. Con isto chegou á conclusión de que ese

mineral debía conter algún outro elemento, ata entón descoñecido.
Bautizou co nome de radioactividade a este proceso (foi a primeira en utilizar este termo para describir os elementos que emiten radiacións cando se descompoñen nos seus núcleos). E, o máis importante, deduciu que era un fenómeno asociado aos átomos e independente do seu estado físico e químico. A partir daquela, iniciouse un período que se denomina a "Era atómica". O seu uso civil supuxo un gran avance na produción de enerxía eléctrica e na fabricación de motores atómicos, xa que é unha das fontes enerxéticas máis potentes das coñecidas. Malia isto, o seu uso militar coma a posibilidade de ocasionar unha catástrofe medioambiental fixeron que recibise unha forte oposición cidadá. Ademais, non debemos esquecer o gran perigo que supón para a saúde, tomando como exemplo á propia Marie, que como consecuencia das numerosas radiacións ás que estivo exposta faleceu no ano 1934. Sen dúbida, foi un descubrimento que marcou un antes e un despois na historia da ciencia e da humanidade, ao igual que o fixo a súa protagonista, Marie Curie.

Bibliografía

http://www.astrocosmo.cl/biografi/b-m_curie.htm
http://es.wikipedia.org/wiki/Marie_Curie
http://www.quimicaweb.net/webquests/marie_curie/marie_curie_y_la_radiactividad.htm
http://cristinags.files.wordpress.com/2009/03/marie_curie.jpg

María Santiago Cañizal
1º BAC A

Le médecin malgré lui

O pasado 9 de xaneiro os alumnos de Francés asistiron a unha representación contemporánea e adaptada dunha comedia clásica de Molière, O Menciñeiro á forza.

• Molière, quen era?

Jean-Baptiste Poquelin, coñecido como Molière (1622/1673), foi un dramaturgo e actor de teatro francés. Considerado como o pai da Comédie Française, aínda é o autor máis interpretado. Sen piedade para a pedantería dos falsos científicos, as mentiras dos médicos ignorantes, a pretensión dos burgueses enriquecidos, Molière ama a mocidade e quere liberala das súas limitacións absurdas.

• A obra Le médecin malgré lui de Molière (s. XVII)

SINOPSE: O menciñeiro á forza é unha das comedias máis divertidas do xenial escritor francés Molière. Somérxenos na historia de Sganarelle, un leñador que se verá forzado a golpes de bastón a facerse pasar por un menciñeiro para curar a máis nova das enfermidades... o amor!

Foi escrita en 1666, cando Molière estaba no cume da súa gloria. Escribira as súas máis grandes obras e o éxito da súa tropa "L'Illustre théâtre" chamou a atención do Rei Sol, Luis XIV, quen o chamou para divertir a súa Corte Real, chegando a ser a "Troupe du Roi". Mais Tartuffe e Dom Juan, as súas dúas últimas pezas, acababan de estar censuradas, xa que Molière tiña numerosos inimigos por ser o protexido de Monsieur, irmán do Rei. Ao principio do ano 1666, montou o Misanthrope que non tivo o éxito esperado. Entón, regresou ao mundo da farsa co Médecin malgré lui, que foi un éxito ata o punto de ser a obra que máis representou. Fai a sátira da medicina, tema moitas veces utilizado nas súas obras. Denuncia aos médicos do seu tempo preocupados máis polas regras da profesión e de gañar cartos que de curar a xente. Esta temática seguiu triunfando co Malade imaginaire, derradeira obra que presentou Molière en 1673, e na que finou no escenario vestido de pixama amarelo. De aí, a maldición de levar algunha prenda amarela nas representacións teatrais.

A continuación, atoparedes unha adaptación moi resumida (debuxos e diálogos) da obra en tres actos en banda deseñada realizada polas alumnas e alumnos de 1º de bacharelato de Francés.

Os personaxes son os seguintes:

Sganarelle, o leñador e o marido de Martine.

Martine, a muller de Sganarelle.

Valère e Lucas, os criados de Géronte.

Géronte, o burgués e pai de Lucinde.

Jacqueline, ama de casa de Géronte e esposa de Lucas.

Léandre, o amante de Lucinde.

Lucinde, a filla de Géronte, a enferma.

Departamento de lingua francesa

LE MÉDECIN MALGRÉ LUI
DU MATIN JUSQU'AU SOIR, TU NE FAIS QUE JOUER ET QUE BOIRE, IVROGNE, QUE PRÉTENDS-TU?
MAUDIT SOIT L'HEURE OÙ JE ME SUIS MARIÉ AVEC TOI. SALE PESTE, OH! LA GRANDE FATIGUE QUE D'AVOIR UNE FEMME.
SAC À VIN!!! MOUSSLOUP!!!
NOUS CHERCHONS UN MÉDECIN QUI SOIT CAPABLE DE GUÉRIR LA FILLE DE NOTRE MAÎTRE
VOUS NE SOUVIEZ MIEUX VOUS ADRESSER POUR TROUVER CE QUE VOUS CHERCHEZ. VOUS LE TROUVEREZ DANS LES BOIS. IL N'AVOUERA QU'IL EST MÉDECIN QU'À FORCE DE COUP DE BÂTON. IL S'APPELLE SGANARELLE.
MONSIEUR, NOUS VENONS EMPLOYER VOTRE AIDE DONT NOUS AVONS BESOIN. NOUS SOMMES INSTRUITS DE VOS CAPACITÉS.
PAF!
MAINTENANT QUE NE VOULEZ-VOUS?
LUCINDE, LA FILLE DE NOTRE MAÎTRE GÉRONTE EST DEVENUE MUETTE. IL OFFRIRA BEAUCOUP D'ARGENT AU MÉDECIN QUI LA SOIGNERA.


VOILÀ LE MÉDECIN QU'ON ATTEND !
JE SUIS LE MERVEILLEUX MÉDECIN ! SGANARELLE.
MONSIEUR, PRÉPAREZ-VOUS VOICI NOTRE MÉDECIN QUE ENTRE.
JE SUIS RAVI DE VOUS VOIR. NOUS AVONS GRAND BESOIN DE VOUS. J'AI UNE FILLE QUI EST TOMBÉ DANS UNE ÉTRANGE MALADIE. ELLE A SOUDAIN PERDU LE DON DE LA PAROLE SANS SAVOIR COMMENT, UN BEAU JOUR ELLE EST DEVENUE MUETTE.
ET BIEN, MONSIEUR GÉRONTE, VOUS AVEZ DEMANDÉ MES SERVICES
EXCUSEZ-MOI, JE VIENS CHERCHER MA FILLE. JE VOUS PRIE D'ATTENDRE TOUS VOS SOINS POUR LA SOULAGER DE SON MAL.
PST, PST, EH, EH ! JE VIENS VOUS RACONTER LA VÉRITÉ. LUCINDE N'EST PAS MUETE, ELLE NE PARLE PAS PARCE QU'ELLE NE VEUT PAS SE MARIER AVEC LE PRÉTENDU QUE SON PÈRE LUI A CHOISI. SON COEUR EST POUR LE JEUNE LÉANDRE.
LE DIAGNOSTIQUE DE SGANARELLE
APRÈS MON OSCULTATION, J'EN DÉDUIS LE REMÈDE : DU PAIN TREMPÉ DANS DU VIN. JE REVIENDRAIS VOIR EN QUEL ÉTAT VOUS SEREZ CE SOIR.
MERCI, MERCI BEAUCOUP POUR AVOIR GUÉRIR MA FILLE. VOILÀ EN SIGNE DE REMERCEMENT UNE PETITE BOURSE. $$$$$$$.
AVEC PLAISIR, JE REPASSERAI DANS CE SOIR POUR CONTRÔLER L'ÉVOLUTION DE L'AMÉLIORATION DE LUCINDE.
JE SUIS RICHE !



ADAPTATION ÉLABORÉE PAR LES ÉLÈVES DE 1º BACH DE FRANÇAIS
1ère partie : José Casas, Laura Piñeiro, María Santiago et Angel Antonio Vilaso
2ème partie : Alejandro Ramos, Marta Novoa et Rocío Eijo
3ème partie : Aida Pinado, Carla Cerdeiro et Laura Claro

2010: Ano Santo Compostelán

O ano 2010 ten un significado especial para Galicia, xa que desde os primeiros días do mes de xaneiro, e por diferentes puntos da nosa xeografía, van "camiñando" moitas persoas coa meta posta en Santiago. Isto ten a súa explicación porque se trata dun Ano Santo Compostelán.

O Ano Santo e Xubilar Compostelán celébrase cando o 25 de xullo, festa do Apóstolo Santiago, cae en domingo. Este acontecemento xubilar é o que con máis frecuencia se celebra. Ten unha periodicidade de 11, 6, 5 e 6 anos. En 2010 celebramos o segundo Ano Santo Compostelán do século XXI. O anterior foi en 2004 e o seguinte coincidirá en 2021.

Aínda que hai constancia da chegada de peregrinos a Santiago desde o século X, a institución do Ano Santo Compostelán, en 1179, marca o inicio da época máis fulxente da Historia das peregrinacións a Santiago.

O Camiño de Santiago parte e leva a Europa. É unha vía integramente europea. A peregrinación xacobea é o grande legado da cristiandade medieval en pro dunha Europa de variados pobos con diversos puntos en común. Ben significativo é o feito de que o Consello de Europa definise o Camiño de Santiago como o "Primeiro Itinerario Cultural Europeo".

Homes e mulleres, mozos e maiores, reis e santos, xente de toda clase e condición social converxen en Compostela. Ao longo da ruta xacobea mestúranse camiñantes e peregrinos. Esta distinción faise porque o peregrino é aquel que se despraza por motivacións relixiosos e o camiñante é aquel que se despraza por outros motivos: deporte, turismo, cultura, etc.

Son moitas as asociacións da nosa comarca que este ano teñen programadas viaxes e peregrinacións a Santiago. En distintas etapas, xeralmente en fin de semana, van cubrindo o traxecto ata Compostela. Unha boa preparación física, un espírito solidario, a boa convivencia e o firme propósito de chegar á Catedral Compostelá son factores que avalan estas iniciativas.

Desde hai varios anos o I.E.S. Perdouro vén organizando viaxes culturais ao Camiño de Santiago. Os alumnos de E.S.O. teñen a oportunidade de coñecer algúns tramos da ruta xacobea, principalmente dentro da provincia de Lugo. Varios son os obxectivos destas viaxes: dar a coñecer o noso rico patrimonio histórico, cultural e relixioso; contemplar fermosas paraxes que configuran a nosa xeografía; e convivir durante un día fóra das aulas para compartir experiencias e coñecerse mellor.

Cando un se pon en camiño ten, diante de si, unha aventura, unha experiencia extraordinaria de riqueza física, cultural, espiritual e humana que dificilmente se esquece. Por iso animamos a todos a deixar de lado - aínda que só sexa por uns días ou unhas horas - o noso acontecer cotián, para adentarnos no bo ambiente do Camiño.

Antón Niñe Fernández

Quero ser a túa noiva!

Martes, 24 de setembro.

Hoxe empezo o meu diario contando que é o meu aniversario, que estou moi contenta porque toda a miña familia se acordou del e me fixeron moitos agasallos. Pero sobre todo polo que estou contenta é porque Pablo, o meu "amigo" especial, tamén se acordou e, á parte de darme o agasallo, deume non un senón dous bicos na meixela (e Laura morreu dos celos cando o viu).
Vou contar como pasou todo.
Laura é unha rapaza que non me cae nada pero que nada ben; non por nada, senón porque a ela tamén lle gusta Pablo coma a min. Cando o souben déronme unhas ganas tolas de ir correndo e dicirlle : "como te achegues a el vouche dar unhas labazadas!".
A Pablo pregunteille se a el tamén lle gustaba Laura como a todos os rapaces (eu non sei que lle ven a esa rapariga, o único que ten son uns pelos louros na cabeza, un mini cerebro e un corpo delgado); ao que el me contestou que non sabía, porque tamén había outra rapaza que lle facía sentir bolboretas no estómago cando se sentaba ao seu lado. Pero eu creo que mo dixo porque son eu, ou iso me gustaría a min!
Hoxe cheguei ao colexio coma sempre, ás oito e media e alí estaba sentado cos seus amigos charlando. El estaba tan guapo coma sempre (incluso un pouco máis, porque onte fora cortar o pelo e na perrucaría puxéranllo liso coma unha táboa). Fixeime que tiña unha bolsa na man era pequena e rosa.
Cando me acheguei e dei os bos días, el achegóuseme cun sorriso de orella a orella e deume o agasallo e dous bicos. Xusto nese intre, cando mos deu, pasaba Laura e as súas amigas e quedáronseme mirando coma unhas babecas mortas dos celos (tanto me emocionei que xa son as dez da noite e aínda non abrín o agasallo).
Acabo de abrir o agasallo e estou saltando do leda que estou.
O agasallo só era unha carta e vou dicir o que poñía:
"Se ti foras a persoa na que tivese que pensar cada día ao me levantar non me importaría ter que erguerme cada día ao mencer. Se ti me dixeses que si a esta pregunta que che hei facer ao rematar de escribir esta carta, ti non sabes o feliz que me farías. Quérote e só sei que te quero e se ti non me queres non sei o que facer. Queres ser a miña noiva?¿??"

Mércores, 25 de setembro.

Cheguei ao colexio case levitando. Cando vin a Pablo el empezouse a poñer cada vez máis e máis colorado (eu case pensei que ía estoupar), achegueime a el e díxenlle ao oído:
QUERO SER A TÚA NOIVA! Saíulle da boca un sorriso e plantoume un bico nos beizos.
Xa non conto nada máis porque vou falar con el a través do messenger. Por certo, cando Laura se enterou do acontecido deseguida se quixo facer a miña amiga e eu aceptei.

Claudia Balseiro Tejedor 2º ESO A.

Michael Jackson

Michael Joseph Jackson (Gary, Indiana, 29 de agosto de1958 - Os Ánxeles, California, 25 de xuño de 2009), coñecido como Michael Jackson, foi un cantante, compositor e bailarín estadounidense de música hard rock, rhythm & blues, disco e dance. Tras formar nos anos sesenta, sendo aínda un neno, un grupo de gran éxito en compañía dos seus irmáns, The Jackson Five, na década dos anos oitenta convértese na superestrela de rock máis exitosa a nivel mundial, o novo rei da música rock, debido ao extraordinario impacto do seu álbum Thriller (1982), o disco máis vendido da historia da música.

Foi denominado como "king of pop, rock and soul", pola actriz estadounidense Elizabeth Taylor. De modo similar, o cantante foi denominado como "king of entertainment" ("rei do entretemento") pola presentadora de televisión Oprah Winfrey, e ademais, a Enciclopedia Británica inclúe a Michael Jackson como notable estrela de rock na súa sección "Rock music", xunto a Madonna e Prince.

Ao longo da súa traxectoria artística como solista, a música de Michael Jackson foi modernizándose e evolucionando. Isto maniféstase nos estilos musicais soul ou funk que interpreta.

Pero tamén incursiona no rock&roll duro, a través das súas innovadoras cancións de hard rock como "Beat it", "Dirty Diana", "Black or white", "Give in to me", "D.S.", "Morphine" e "Privacy", nas que tocaron destacados guitarristas de hard rock como Eddie Van Halen, Steve Stevens e Slash.

Jackson foi catalogado como un xenio musical e artístico, e isto demostrouno dende os seus inicios, época na que foi recoñecido como un neno cun nivel artístico realmente extraordinario. Pero tamén foi un personaxe polémico, con defensores e detractores, ao que rodeaban toda unha serie de lendas sobre a súa vida privada. Viuse envolto en varios xuízos e foi acusado de pedofilia. Estes feitos tiveron repercusión mundial e mantivérono apartado nos seus últimos anos da primera fila da popularidade. En calquera caso, a súa xenialidade artística foi indiscutible e o seu éxito a nivel mundial levouno a vender centos de millóns de discos apoiado pola espectacularidade das campañas de promoción, videoclips e concertos.

Michael Jackson falece o 25 de xuño de 2009, presuntamente debido a unha sobredose de medicamentos.

Alejandro Pernas
1º BAC A

Coidado do cabelo

Trucos caseiros para dar brillo ao cabelo
Ingredientes:

- Romeu fresco
- Auga

Preparación:
- Nun recipiente (que poida poñerse no lume) pon abundante cantidade de auga e engade unhas ramas frescas de romeu.
- Pon o recipiente no lume e deixa ferver durante 15 minutos.
- Retira, espera ata que amorne e despois pasa por un colador a preparación.

Modo de aplicación:
- Aplica sobre o coiro cabeludo no aclarado final, despois do lavado co teu xampú habitual.
- Non debes aclarar o cabelo, logo da súa aplicación.

Calquera que sexa o teu tipo de cabelo, o máis recomendable é que o trates con produtos naturais, que protexerán mellor a súa saúde e beleza.
Se queres lucir cabelos brillantes e espléndidos esta receita caseira asegúrache resultados espectaculares, en apenas 5 minutos.

Loción para o brillo do cabelo

Ingredientes:
- Vinagre de mazá
- Auga quente

Preparación:
- En 3 cuncas de auga quente, agrega 1 cunca de vinagre de mazá.

Modo de aplicación:
- Aplica logo de teu lavado habitual cun xampú natural.
- Deixa uns segundos e aclara con abundante auga.

Remedio caseiro para a perda do cabelo

Ingredientes:
- Zume de 1 cebola
- Zume de 2 dentes de allo
- Zume de 1 limón.

Preparación:
- Para obter o zume de cebola, licúa unha cebola pequena, cun pouco de auga. Para o zume de allo, fai o mesmo con dous dentes de tamaño grande.
- Mestura os dous zumes co zume dun limón.

Modo de aplicación:
- Aplicar sobre o coiro cabeludo, masaxeando.
- Deixalo actuar durante toda a noite.
- Á mañá seguinte lava o cabelo co teu xampú habitual.

Mari Luz Rial Otero
Profesora dpto. Perrucaría

Vémonos o vindeiro curso

Así rematabamos o noso artigo no último número da revista Maruxía e, fieis á nosa cita un ano máis, o IES Perdouro celebrou os SEGUNDOS ENCONTROS DE BD NA MARIÑA.

As actividades foron inauguradas a última semana do mes de xaneiro cun obradoiro de guión a cargo de CARLOS PORTELA, guionista de BD, cine e de recoñecidas series de TV como **Padre Casares**. Tamén se presentaron aos medios de comunicación o cartel dos 2º ENCONTROS e o Nº 1 da revista **Banda Desexada**, publicación que recolle as obras premiadas na edición anterior.

No mes de febreiro, o debuxante e ilustrador MANEL CRÁNEO aprendeunos as técnicas da banda deseñada e coa súa obra **Os lobos de Moeche** repasamos todo o proceso de creación dunha BD dende o lapis á imprenta.

En marzo tivo lugar un obradoiro de caracterización de personaxes do mundo do cómic. Foi realizado polo alumnado do ciclo de perrucaría e dirixido polo profesor Luís Ramil. Esta proposta foi moi ben acollida polos rapaces, sobre todo polos de 2º de ESO, polo que houbo que impartir unha sesión máis deste obradoiro.



A exposición de autores galegos de BD e dos carteis presentados polo alumnado de Bacharelato de Artes do Monte Castelo para anunciar os SEGUNDOS ENCONTROS foron outras das actividades programadas. Tamén asomaron timidamente polas distintas fiestras do centro, e logo, xa nos saudaban polos corredores certos personaxes que quedaron atrapados nas viñetas dos nosos ENCONTROS. A proxección de películas e curtas de animación volveron a estar presentes no programa de actividades para este curso.





Para pechar os encontros tivemos a sorte de contar coa presenza do debuxante e animador DAVID RUBÍN que co seu álbum **La teteria del Oso Malayo** gañou entre outros, o Premio ao autor revelación no Salón Internacional do Cómic de Barcelona 2007. Deunos unha charla sobre as motivacions afectivas e emocionais que o impulsaron á creación dos seus personaxes, e da súa man percorremos todas as súas obras e as que aínda estaban sen publicar. Tamén entregou os premios do concurso de creación de BD dos ENCONTROS.

E dende aquí non nos queda máis que agradecer á Concelleira de Cultura Neves Cando López o seu apoio, o cal fixo posible as actividades destes SEGUNDOS ENCONTROS DE BANDA DESEÑADA NA MARIÑA. Tamén o noso agradecemento ao Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística do IES Perdouro.

Lembrámosvos que no blogue http://bandadesexada.blogspot.com tedes información sobre os ENCONTROS. E como diciamos ao inicio, vémonos o curso que vén.

Torques MC grava o seu primeiro EP

No seu inicio esta formación musical estaba composta por Luis (voz), Xoel "Demo" (Guitarra), Lorenzo "Lacon" (baixo) e Héctor "Lester" (batería).
Torques renace a finais do 2007 coa incorporación de Isma como guitarra solista, quedando definida desa maneira a formación actual de Torques MC. Esta incorporación tamén asenta as bases sobre as que se perfila actualmente o estilo do grupo, unha mestura de hardcore e metal (voces guturais con melódicas, riffs rápidos e técnicos con riffs lentos e aplastantes...).
As principais influencias do grupo son: BFMV, Otep, The Agonist, Slipknot, Trivium, Atreyu, In Flames, As I Lay Dying, Suicide Silence...

En Abril de 2010 gravan o seu primeiro EP, tema sobre o cal falamos con Ismael Da Silva, alumno do IES Perdouro e guitarra solista do grupo.

-Que opinión tes sobre a escena metal en Galiza?
Parece que este estilo de música en Galiza está a medrar pero aínda está moi oculto e de momento non ten máis apoio que o da xente que o segue.
-Que grupos musicais, con estilo semellante ao voso, coñecedes pola zona?
O grupo máis achegado a nós e ao que máis afecto lle temos é "Zairus", que agora xa non existe e tamén era de Burela. Temos realizado moitos directos con eles; sempre se portaron moi ben connosco. Tamén tocamos con "Anger Second", uns moi bos colegas de Viveiro. Ademais "Nuestros dias de abundacia están contados", de Vigo, tamén contactaron con nós para facer concertos xuntos e tratáronnos moi ben.
-Como é a relación entre os membros do grupo?
Todos nos levamos ben por igual, aínda que por temas de situación xeográfica (o lugar onde vivimos e estudamos) cada un pode relacionarse máis directamente con uns que con outros.
-Está previsto que haxa incorporacións de novos membros? E baixas?
Creo que non vai aparecer ningún novo membro, aínda que tiñamos idea de facer colaboracións con xente doutros grupos e estilos diferentes.
Tampouco creo que fose posible que algún de nós quixese deixar o grupo, estamos moi fortemente unidos, como amigos e como músicos.

-Que tal vos sentides co apoio recibido por parte da xente?
O grupo tivo a sorte de ter un gran número de amigos que o apoiaron en case todos os concertos na zona e non tan na zona; iso valorámolo moito e fixo que cada concerto fose moi especial para nós.
-Como surxiu a idea de gravar un CD?
Era unha das formas máis importantes de darnos a coñecer. Xa tiñamos gañas había tempo e atopamos o momento.
-Tedes algunha idea para o título do traballo?
Barallábanse dúas opcións: "KM 717", tramo que serviu de punto de encontro para nós, onde compartiamos risas e experiencias, e "Xenreira", posiblemente o título definitivo, que cunha soa palabra expresa o que sentimos cara a esta sociedade-lixo.
-Cantas cancións hai no CD?
Cinco, xa que o grupo non dispón de "pasta" para gravar máis temas.
-Por que escollestes esas e non outras? Cal é a túa favorita?
Son as máis recentes e as que máis representan o noso estilo, ademais son as mellores intrumental e tematicamente.
A miña favorita... supoño que é "Sangrando I"; foi unha das letras que máis me fixo pensar e das que máis sentimentos transmite; a súa temática (a guerra) é, quizais, unha das máis impactantes e preocupantes na actualidade; ademais creo que a música en si consegue transmitir todo o odio e a raiba que hai na canción.
-Quen escribe as letras e cal é a súa temática xeral? Por que escribides sempre en galego?
O baixista (Lorenzo) e eu. Cada canción é un mundo, son moi distintas, pero os temas baséanse en todo o que nos preocupa, nos importa ou nos fode da vida.
Escribimos en galego porque é o noso idioma, a lingua na que nos criamos, e seriamos uns superficiais se escribísemos noutro idioma para expresar o que opinamos.
-Quen compón a música?
Ao igual que as letras, a música compoñémola o baixista e mais eu.
-Tedes pensados próximos concertos?
O certo é que, de cara ao verán, o grupo tende a pararse momentaneamente porque os membros non teñen a mesma dispoñibilidade que o resto do ano, por temas de traballo. Entón sería a partir de setembro cando realizariamos unha pequena xira por Galiza e polas aforas do país.

Para máis información sobre o grupo visitade:
http://www.myspace.com/torquesmc

Yaiza Pernas Ónega
1º BAC B

Viagem a Ponte de Lima

Chegámos todos às 7 da manhã à estação de comboios e autocarros da nossa localidade (Burela). Sentamo-nos no autocarro e o motorista começou a nossa viagem em direcção a terras portuguesas. Depois de duas horas, fizemos um descanso cerca de Santiago de Compostela. Parámos num posto de gasolina. Alguns de nós tomámos o pequeno-almoço e outros compra-ram alguns petiscos e aproveitámos a ocasião para ir à casa de banho. A seguir continuámos o trajecto. Depois de passar a ponte de Rande chegámos ao país vizinho. Passou meia hora aproximada-mente e já estávamos no povo a visitar, Ponte de Lima.

Quando chegámos ao liceu, estivemos à espera durante uns minutos numa sala polivalente (que eles chamavam zona de convívio). Depois a professora Graça Veiga esteve a explicar-nos o funcionamento do sistema educativo português. No começo fomos a um bloco em que havia pinturas dos estudantes de Arte; lá tinham também um aquário. Logo disso, enquanto fomos à oficina de mecânica, vimos uma pista para jogar basquete e futebol. Na oficina de mecânica recebeu-nos o professor titular que nos mostrou as salas onde eles desenhavam, outra onde faziam as peças com PVC e a sala de Língua, onde estavam a ler Os Maias, e leram-nos um bocadinho. Logo visitámos a biblioteca e uma sala onde estavam a fazer trabalhos ecológicos e onde interactuámos com eles. Também visitámos o polidesportivo- um local antigo-, o bar e uma pequena livraria.

Na turma de Artes Plásticas os alunos fizeram um projecto para a semana das Ciências. Utilizaram rebotalhos (pacotes de leite, embalagens de plástico, garrafas...) e com esses materiais realizaram uma grande galinha muito original.

Em diversos grupos, juntamente com os portugueses, realizámos diferentes tarefas. Uns quantos tinham de fabricar sabão. Outros estiveram a recortar e pintar cartolinas para o título do projecto. Também os alunos ensinaram-nos outros trabalhos como cadeiras feitas com garrafas de plástico, candeeiros realizados com copos também de plástico, bonecos, etc. Também nos levaram dar um passeio pelas instalações do liceu e até um bar que há à beira, onde combinam nas horas de descanso para tomarem algo ou fumarem um cigarrito. Lá conhecemos muitos meninos e meninas. Depois voltámos ao Laboratório e lá fizemos um jogo com as maõs, enquanto esperámos para ir jantar à cantina do liceu. Ao pouco, chegou uma professora buscar-nos e fomos todos lá e cada um ficou sentado à vontade.

Quando estávamos à espera na bicha para entrar no refeitório, aproveitámos para conhecer-nos melhor e falar. Deveríamos ter lavado as mãos, mas como somos muito marrãos não o fizemos. Quando nos tocou comer, tínhamos que apanhar uns tabuleiros com comida e dirigir-nos às mesas. Na cantina do liceu comiam diariamente 500 ou 600 alunos, portanto eles eram muito rápidos almoçando e nós ficámos atrasados. Ao acabar, fomos até fora e lá juntamo-nos para descansar. Depois, de volta ao centro, intercambiámos os nossos e-mails e mais tarde os alunos levaram-nos de rota por uma parte da vila, mas apenas durou 10 minutos.

Por volta das três e quarto, quando entravam nas aulas, veio um professor de História para nos ensinar os monumentos e lugares históricos mais importantes de Ponte de Lima. Primeiro fomos até o Largo de Camões, onde nos deu tempo a comer uns

gelados. Ali, o professor explicou-nos a origem do nome da vila e finalmente fomos até a ponte mítica do lugar, de origem medieval. Algo muito reclamante é que havia uns postes de luz com música e a água do rio estava muito limpa. A ponte conservava o escudo da cidade e restos de ameias. A igreja dividia a ponte em duas: a medieval e a romana.

Depois de visitar a ponte medieval, com a ajuda do professor de História, dirigimo-nos ao passeio dos plátanos. O passeio era muito formoso porque estava perto do rio Lima. À esquerda encontrava-se o museu dos terceiros, antigamente a Igreja de São Francisco. Lá, o nosso particular guia turístico contou-nos uma lenda sobre o diabo que viera buscar o corpo dum rico avarento que estava a morrer. O homem pretendia comungar e confessar-se para poder ir ao céu. Muito zangado, o diabo arrancou a laje sob a que estava soterrado e lá ficaram gravadas as suas unhas. Esta história era a que dava o nome ao grupo de teatro dirigido pelo professor: As unhas do diabo.

Após a visita dessa igreja, fomos ver o teatro Diogo Bernardes e lá nos explicou também como um rico retornado do Brasil utilizara a sua fortuna para edificar aquele teatro, a igreja e alguns outros edifícios em Ponte de Lima. Caminhámos até o posto de informações turísticas, onde procuramos um mapa.
Finalmente fomos ver uma pequena homenagem ao último poeta português que morreu de amor, António Feijó, que foi ministro na Escandinávia. Depois de umas horas livres, reunimo-nos para jantar num restaurante de Ponte de Lima. Por volta das 8 e meia da noite já estávamos a degustar arroz com fêveras, acompanhado de batatas e salada de alface; de sobremesa havia gelados a eleger.
Quando acabamos de jantar, metemo-nos no autocarro e começámos a viagem de regresso a Burela. Todos estávamos muito cansados e muitos de nós dormimos durante a viagem. Fizemos a mesma parada de quando fomos lá e os motoristas realizaram o seu derradeiro intercambio.
Ao fim de madrugada, chegamos ao nosso município de onde partíramos na manhã anterior.

Alumnos de Língua Portuguesa de 2º BAC

Taller lingüístico no IES Perdouro

Students in 2º BACHARELATO had the opportunity to meet Anik Nandi, a postdegree sociolinguist student at Santiago University from West Bengal (India) and to learn about plurilingual societies and minority languages. Anik compared the Galician sociolinguistic context with his country´s language diversity.

In West Bengal, Hindi, Bengalí , Sanskrit and English are used apart from others. At the end of the discussion and after answering the students´ questions, he kindly gave each student a card with his/her surname written in Bengali, which made this lecture much less formal as expected and pleased us and the students so much! Galician and English were the languages used by the students as well as by Anik. English is an important vehicle worldwide, but we must also be proud of Galician, our mother tongue. It was an activity of English immersion for the students to ask questions and to listen to Anik in English. But on the other hand, multilingual competency was also involved when he described some of West Bengal traditions.

O día 26 de marzo, os alumnos de 2º de bacharelato tiveron a oportunidade de coñecer a Anik Nandi, sociolingüista da Bengala do oeste, que está a realizar a tese doutoral na universidade de Santiago de Compostela, e aprender acerca das sociedades plurilingües e as linguas minoritarias. Anïk comparou o contexto sociolingüístico de Galicia coa diversidade lingüïstica do seu país natal. Entre outros idiomas, en Bengala úsanse frecuentemente bengalí, hindú, sánscrito e inglés.

Ó final do debate e tras responder ás preguntas do alumnado, Anïk regalounos unha tarxeta con cada un dos nosos nomes en bengalí, o que permitiu que a súa intervención tivese un carácter máis informal. Encantounos a todos!

O galego e o inglés foron as linguas empregadas durante este acto, tanto por parte dos alumnos como por parte de Anïk.

Quedou claro que o inglés é fundamental para expresarse a nivel internacional, mais que tamén debemos estar orgullosos do galego, a lingua materna. A diversidade de linguas é tan importante como a biodiversidade.

Esta foi unha actividade de inmersión no inglés, na que os alumnos non só escoitaron a Änik expresarse en inglés senón que lle fixeron preguntas neste idioma. Por outra banda, esta actividade fomentou a competencia multilingüe cando o conferenciante describía algunhas das tradicións culturais do seu país.

Mª Dolores Prieto González
Profesora Dpto. lingua inglesa

POEMAS DE AMOR

Non me queda nada
todo a ti che dei,
mais coma un parvo
con todos quedei.

É fácil namorarse
mais dun amor
non correspondido,
é imposible olvidarse.

Paso noites en vela
dende o día que te vin,
mais que cases conmigo
non sei como cho pedir.

O tempo pasa lento,
quero esquecerme de ti,
pero aínda non o conseguín.

Por un bico teu
todo o daría,
incluso a miña alma
ata o ceo chegaría.

Alex Liñan Rabost
Xoel Geada Geada

POEMA CABOVERDIANO

Dáme un segundo para te ver.
Dáme un minuto para te tocar.
Dáme unha hora para te bicar.
Dáme un día para te sentir.
Dáme un ano para te satisfacer.
Dáme unha vida para te amar.

Telma Gonçalves Semedo
Milene Ribeiro de Silvosa

Te besaría a la luz de la luna
con mucha ternura.
Te amo con tanta pasión
que me rompería el corazón.
Tus ojos son negros
como tus cabellos,
tus labios rojos
son muy melosos.
Cuando te perdí,
me morí.

Jose Miguez Marquez
Aitor Lopez Anello

Nunha mañá de verán,
QUÉROTE.
Nunha mañá de sol,
QUÉROTE.
Nunha mañá de primavera,
collo para ti unha rosa
da miña roseira.
QUÉROTE.
O meu amor é tan forte,
que se non te teño
quero a morte.
QUÉROTE.

Jacobo Moreda Alvarez
Mario Nieto Fraga

Ester's Life

Ola! My name is Ester Colero, tengo 33 años. En mi tiempo libre me gusta quitarme los pelos de la nariz y del bigote con la desbrozadora..., me encanta tirarme en el prao y observar el crecimiento de la herba..., suelo pasear por el monte con mi cerdita Paca...

Mi día a día es un poco monótono pero procuro to have cousas diferentes todos los every days...

Me levanto and ordeño las vacas, las boto una lata de atún a cada one y para que estén bien mantidas les boto también unos espárragos trigueros.

Saco a pasear a las ovellas i a la vuelta les doy un baño de espuma y olores exóticos para que estén fresquitas y relucientes.

Yo me ducho de romería en romería because I don´t like mucho el auga ni los frotamientos, pero en las fiestas del pueblo fago un esforzo y me doy una pasadita con la manguera.

Ahí, a la tarde voy a visitar a Juan Gamán a la palleira cuando le está dando de comer al ghato que hai veces que se le vuelve i Juan dice esas palabras que tanto me gustan: A MIN NON EH!!!, luegho me deleita con alguna de sus canciones: ...Ester, tú tócame la bocina do tratore... do tratore...

Con Juan hablo mucho porque es muy MAJOOOOO!!. Solemos hablar de cómo alindar las vacas y de los partos prematuros de las ovellas. También solemos pasear moito por los greens praos de Muimenta y los viernes nos acercamos en el tratore hasta la HEEEEEERMOOOOO!! Porque Juan tiene que ir a tocar unas piezas.

En la entrada siempre hay mucha gente, entonces Juan me bota un berro: Oii Ester.... levanta os brazos!!, entón yo

braceo un poco y la people empieza a apartarse. Así conseguimos entrar sin dificultá... y como Juan toca allí pues no nos cobran the tiket ni las cocacolas que bebemos. A mi las cocacolas me hacen arroutar entonces siempre llevo en el bolso una botellita con leche de mis vacas pero procuro no beber mucho porque luego me entra la gana de ir al baño y me pierdo porque aquello es tan big que always acabo perdida entre la gente y tengo que gritarle a Juan para que me de luces i poder atoparle...

Los sábados nos vamos a la trocoooo en la segadora. Solemos salir sobre las cinco o'clock de la tarde aproximadamente para llegar a tiempo porque la segadora no tiene muchos caballos y no anda demasiado rápido, además como el trayecto es tan largo siempre tenemos que parar a botar un pis, allí detrás de los tojos, sabes?... para que no me vean el pompis desde la estrada.

Cuando llegamos a la TROCOOOO!! Nos espera Víctor, el brother de Juan, que nos acompaña al meadero para que nos saquemos los pinchos de los tojos y luego vamos a la pista a botar unos bailes.

Los domingos ya voy de reenganche a la misa a ver al the father Nicanor que quiere que sea monaguilla en la iglesia. Por la tarde plancho la ropa porque yo, para aforrar, como estamos en crisis, no lavo la ropa; la reutilizo, me la pongo una semana y a la siguiente me pongo la misma pero le doy la vuelta. Lo mismo con el cepillo de dientes que lo aprovecho también para limpiarles los dientes a las vacas.

Y bueno, ya para ir rematando de contaros como es mi vida, deciros que soy soltera y busco mozo para apaño. Para relación larga, duradera y sorprendente necesito un chico que me llene de verdad, que me mime y me trate como a una reina, que me lleve la segadora a la cama para no tener que bajar a la corte a buscarla, que me de noches boas jugando partidas de tute, que me prepare el breakfast con la leche recién ordeñada, que me acompañe por los verdes praos de Muimenta y sobre todo que le guste la música de Juan Gamán.

Si algún chico está interesado en compartir el resto de su vida conmigo, por favor póngase en contacto con los responsables de MARUXIA.

Sin más me despido con una aperta y un chucho no papo.

Merche Vieites Rodríguez
Lucía Santos Acebedo
1º CM Perrucaría

Diversidade Cultural e Social de Burela

Iago Villarino Coto
1º PREMIO DE IMAXE BACHARELATO



Cristina Fernández Blanco 1ºA
1º PREMIO DE IMAXE ESO

Xiana Fernández Díaz 1ºA
2º PREMIO DE IMAXE ESO

Chegada a Burela

Un día, un neno entrou en Burela,
sen darse conta, non sabía onde estaba,
preguntoulle a unha persoa onde estaba,
pero o home non lle falaba.

O neno, desesperado, púxose a chorar
porque non era dese lugar.
Para a súa fortuna apareceu unha muller
que lle axudou e lle deu de comer.

Desde ese día o neno agradeceu
a amabilidade dalgunhas persoas de Burela,
algunhas boas e outras malas,
sen ofender a ninguén.

O neno agora xa está na E.S.O.
e o que non sabedes...
é: como é que eu coñezo esta historia?
Pois fun eu quen a vivín
e ben orgulloso que me sinto.

Leo Cayo Mescco
1º premio de poesía
Categoría: 1º e 2º de ESO

Burela: diversidade social e cultural

Burela é unha fermosa paisaxe,
chea de diferentes culturas e inmigrantes.

Burela é un pobo de gran diversidade social,
que explora outras culturas ademais da do mar.

Pobo da Mariña lucense que, coa auga enfronte,
estuda a cultura doutros continentes.

Marroquís, colombianos, peruanos, caboverdianos...
¡Que máis dá, se "todos somos paisanos"!

Con este abano de cores,
Burela ten a forza da cor verde-azul das nosas augas,
do verde dos nosos campos
e do verde esperanza da nosa terra de xuntanza.

¡Acóllenos a todos, Burela da miña alma!
¡Convivamos todos xuntiños en Burela, nesta nosa terra!

Tamara Soto Rodríguez
2º premio de poesía
Categoría: 1º e 2º de ESO

Burela, vila mariñeira.
Burela, terreo de todos.
Somos o cabo da esperanza
que acolleu o soño de moitos.

Nos primeiros anos, África.
Os caboverdianos chegaron,
acollémolos con agrado,
e con esforzo nos pagaron.

América non se resistiu
e chegaron os colombianos,
Arxentina, Perú, Brasil...
todos viñeron decontado.

Nos días que agora corren,
moitos outros seguen os pasos,
mesturámonos dende nenos
e entre nós non nos xulgamos.

O vento mareiro, o noso.
O vento do nordés, o noso.
O porto pesqueiro, o noso.
Únennos a todos, convosco.

José Casas Pernas
1º premio de poesía
Categoría: 1º e 2º de BAC

Lembro aqueles momentos nos que me dicían,
que non eran de tratar.
Que se eramos de distintas cores,
non nos podiamos nin achegar.
O poboado de Burela é multicultural.
. . .
Vivimos culturas diferentes, todos no mesmo lugar.
Cun chisco de conformidade e outro de agarimo
ninguén nos vai separar.
Utilizamos os mesmos empregos,
temos as mesmas oportunidades para cumprir os nosos soños.
Nós ensinámoslles a nosa cultura, e eles comparten a súa.
É moi emocionante e tamén interesante
coñecer os costumes de distintos lugares.
Lembro a cantidade de xente que loitou por vir aquí.
Comprácenme as oportunidades que teñen ao chegar.
A verba "racismo" en Burela non existe.
Ninguén é diferente ao compañeiro.
Adentrémonos no máis fondo dos nosos sentimentos,
o que queremos é agarimo e benestar.
Cun só pestanexo podemos cambiar o mundo enteiro
e conseguir un pedaciño de felicidade mundial.

Laura Claro Tellado
2º premio de poesía
Categoría: 1º e 2º de BAC

No oco da praia do infindo

Sente como nesa praia dos soños,
as augas brúan e berran maruxía,
e as pingas salgadas, pícaras,
rinse do efecto prata das brancas choronas do ceo.

Lento... máis lento...
Deixa que a lene melodía me batuxe na mente.
As ondas levan os callaos nun valse hídrico,
ao tempo que bategan contra os duros confíns do universo.

Sabes? Estou recordando algo...
Escoito a lene melodía do piano de marfil.
Dende o crepúsculo da miña alma,
volven a soar as notas saídas da auga.

Quizáis será a fúlxida lembranza
ao pechar as pálpebras lentamente.
Agora sinto como océanos de rosas me inundan,
e chegan ao máis fondo da alma...

Confínanos nesta breve extensión do setestrelo.
A luz lene irisa as faces a modo noite - sombra
(Negra Sombra...)
Entón rimos con fachenda indirecta.

***

Refuxio de almas, revíveme,
deixa que comparta e me diversifique e me nutra e me...
Permíteme experimentar o xúbilo do ser,
compartir a lembranza nidia do lóstrego de lonxe.

Non podo evitalo, vila mariñeira,
debe ser ese son silandeiro dos días de lúa,
debe ser ese mar enfeitizado que nos leva aos confíns...
É a grata realidade presente.

Embebédome da cultura, ouh, gloriosa dita!
Gozo da miscelánea de cores, fusións e olores...
Todo un cadro para o deleite dos sentidos.
Agora dáme a túa man... e deixa fluír a conexión necesaria.

O sangue tisna as nosas intricadas veas,
o mesmo (ídem adecuado termo)
Sen DIFERENZA.
Ti, eles e máis eu somos un todo único que poboa o mundo.

Minúsculos grotos da xeografía se manifestan,
poboados ledos, con forza, valentes, sen medo.
E ao berro de : Aquí estamos!
Aínda hai quen niso como historia de meniños

(fútil ignorancia...)

Racha o tupido veo dos prexuízos creados,
desengánate, esquece a diferenza, é o mesmo.
Porque alguén afirmou algún día... (lémbrao!)
"A variedade enriquece, o resto é inútil"

Ensíname buganvíleas dos xardíns de Marrocos,
dulcifícame o padal nun salón de té chinés,
lévame (á) Praia da lingua de Pessoa (mentres me deleito en aromas)
e móstrame a nai quechua que levas dentro...

QUERO COÑECER!
Guíame no azar dunha Terra sen fronteiras nin cores extensivas,
onde todos eles sexan soños dun pasado esquecido...
"Grazas, fixéchesme sorrir neste mar de azucre"

Absolutamente certo, universalmente infindo,
somos os mesmos, sen diferenzas, sen temores...
Porén, quero que por un intre sexamos diferentes,
para enchouparme da túa esencia, para ser/poder multicultural(izarme)

E percibo sons, trazando así os beizos a semicircunferencia ascendente.
Dende o corazón de África ou o lume de América,
ou a esencia asiática co perfume de Oceanía...
Ou ese iceberg antártico con lembranza de Europa.

Compártemas todas coa clave da
paz, ilusión, cooperación, beneficio, avance,
semellanza, amizade, igualdade, diversidade...
(non tento expoñer epítetos innecesarios)

Xunto aos feitos, cántame nas linguas,
anonádame coa melodía das túas verbas,
e a fermosura da túa voz.
(mestura a amplitude)

E agora falemos todos xuntos na lingua dos beizos mornos,
na miña lingua... dimo tamén nesa lingua que aprendiches e coñeces...
Da que xorden verbas belas coma
faísca, ledicia, agarimo, morriña, saia, outeiro...

***

Prolepses no tempo sucédense en augurios...
Cadencias auténticas rematan a melodía,
esa sinfonía que afirma quero chegar sempre.
E dimo todo, todo (...) neses sons senlleiros.

Burela, berce do diferente, da unión, do estraño, do soñador...
Heteroxenización inmaterial,
agarda no cumio do intemporal, do modelo a seguir...
E voa alto, moi alto...
na praia dos soños, tons e ninfas.

Lucía Barrera López
Premio Mención de Honra

Cambiar é complicado

Esta é a historia dunha familia que quere vivir noutro país, concretamente España. Estes non saben a que parte queren ir, só que queren ver o mar. Antes de marchar para coller os billetes no aeroporto de Cabo Verde, ao pai mándanlle unha carta onde pon:

Querido Miguel, onte estívenche mirando por aquí traballo e encontreiche un no barco no que traballo. Está en Galicia, xustamente en Burela, un pobo do Norte da provincia de Lugo. Se che interesa, traballarías como mariñeiro dun boniteiro, e senón pois mándame cartas para estar en contacto.

Xavier Fernández.

Xavier era un familiar de Miguel que levaba 8 anos en Burela traballando de mariñeiro,

Cando Miguel abriu a carta e a leu, foi correndo a xunto de Dora e contoullo, Miguel e Dora xa sabían a onde ir xa que nestes tempos encontrar traballo é moi complicado.

Ao coller o vó, a filla (Natanina) preguntoulles se colleran este vó por algo en concreto. Despois de que os país lle dixeran isto, Natanina púxose moi contenta.

Ao chegaren a Burela, Miguel foi falar con Xavier para dicirlle que si, que aceptaba o traballo, mentres tanto a nai (Dora) e Natanina foron matricularse ao instituto "I.E.S. Perduro". Cando nai e filla remataron, fóronse canda o pai á casa de Xavier. Alí, os pais, falaron con Xabier se sabía de alguén que alugara un piso ou unha casa; el, por sorte, coñecía moita xente que estaba desesperada por alquilar. O primeiro piso que foron era moi pequeno, o segundo estaba bastante ben pero o vendedor non llelo quixo alugar porque eran de cor e, por fin, deron co mellor. Este piso era grande, con tres habitacións, cuarto de baño, cociña,... Ao falalo, os pais decidíronse por ese piso.

Chegou setembro e o comezo das clases para Natanina. Despois de darse un baño na praia fóronse a unha libraría a comprar as cousas necesarias para o curso. Cando empezaron as clases, Natanina estaba moi nerviosa xa que non coñecía a ninguén. Pouco a pouco, foi facendo amigos, primeiro intentaba facelos cos de cor, tamén porque ao non saber español nin galego, non se entendía cos demais.

Despois dun ano, Natanina xa sabía por completo falar español, e xa tiña moitos amigos. Ela contáballes o duro que era vivir noutro país que non era o teu, con outra lingua e, sobre todo, facer amigos. Iso era o máis difícil!

Ao rematar o colexio, Natanina foise coas súas amigas á praia darse un baño, e logo para casa onde xa estaba seu pai. Natanina díxolles que tiñan razón cando lle dicían que co paso do tempo xa iría facendo moitos amigos anque ela nunca llelo crera. Agora sabía que tiñan toda a razón do mundo, xa que o que lle dixeran estaba a cumprirse.

Gabriel Bermúdez Álvarez
1º premio de relato
Categoría: 1º e 2º de ESO

Timsú, a nena de Cabo Verde

En Cabo Verde había unha nena chamada Timsú. A súa pel era negra e os seus ollos cor das avelás. Vestía unha chaqueta verde e unha falda da mesma cor e sempre levaba consigo un bloc de debuxo.
Un día, a nai de Timsú decidiu ir vivir a Galicia, concretamente a Burela, para poder comezar unha vida mellor. Timsú aceptou con mala gana, xa que ela prefiría quedarse en Cabo Verde. Arrancaron para Burela en avión e, cando estaban no aeroporto de A Coruña esperando para coller as maletas e poder seguir viaxando ata Burela, Timsú deuse conta de que Burela non ía a estar tan mal despois de todo. Cando chegaron ao seu destino e á súa casa, Timsú fixouse en que a súa nova casa era moi distinta á de Cabo Verde pero aínda así, gustoulle.
Esa noite Timsú non durmeu nada, xa que ao día seguinte comezaría a estudar na súa nova escola. Estaba moi nerviosa por saber quenes serían os serían os seus compañeiros e pasou a noite matinando niso.
Ao día seguinte Timsú chegou á escola e a súa mestra presentouna ante os seus compañeiros. Para a sorpresa de Timsú, atopou a máis nenos coma ela, de pel escura. No recreo todos os nenos foron a xogar con ela e dende ese día Timsú viviu moi feliz en Burela.

Andrea Rega Villarejo
2º premio de relato
Categoría: 1º e 2º de ESO

BURELA: O POBO SOÑADO POR MIN

Nunca pensei que houbera un lugar onde non me mirasen, falasen e tratasen de forma distinta ou simplemente me ignorasen por proceder doutro país e por ser doutra cor.
Eu viña afeita dunha dura realidade,na que tiña que soportar as risas, os comentarios, as burlas e ao comezo sentirme perdida porque non entendía o que eles dicían nin eles o que eu dicía. Era unha situación moi frustrante porque, aínda que me quixese adaptar e ser unha máis da sociedade, non podía xa que non coñecía o idioma e notaba que a xente me excluía. Houbo un momento no que pensei que sempre sería un bicho raro da sociedade!

Pero todo isto mudou cando o meu pai conseguiu un traballo nunha pequena vila chamada Burela, eu non sabía nada deste pequeño lugar ata que cheguei alí. Aínda recordo o primeiro día que pisei por primeira vez aquel pobo galego. Baixei do coche e fun dar, xunto a miña familia, un paseo polas rúas. Meus pais foron a unha cafetería e eu acompañei a meus irmáns ao parque, alí sentín a sensación de non ser observada, de ser unha máis, e iso fixo que unha enorme felicidade me invadira. Pero non me quería facer ilusións xa que a miña experiencia demostrárame que non todo era o que semellaba e, por iso, preferín non confiarme.

Aquela noite tardei en durmir xa que estiven cavilando sobre aquela sensación, sería só imaxinación miña ou de verdade neste pobo todos somos un máis? Aquela cuestión rondou pola miña cabeza bastante tempo, pero pronto atopei a solución.

Foi en verán cando fun á praia soa, meus pais e meus irmáns non puideran ir. Alí encontrábame marabillada xa que nunca estivera nunha praia, pero seguía tendo algo de medo naquel lugar eu soa. Dalí a un anaco, observei que a praia comezaba a encherse de xente, e o que máis me sorprendeu foi a gran cantidade de xente de cor que había. Aquela tarde coñecín a bastante xente ,tanto de Burela como de fóra, e comecei a saír con eles por aí e a sentir o que son verdaderiamente os amigos.

Pero sempre me rondou pola cabeza por que aquí hai tanta xente de distintas orixes e non existe ningún tipo de reparo cara eles e noutros pobos si. Esta dúbida solucionouma Clara, unha nena que vive aquí dende que naceu. Ela contoume que a maioría destes nenos xa naceron aquí porque os seus pais ou avós viñeron traballar ao porto, e que a xente de Burela está totalmente integrada con eles e que os consideran iguais ca eles. Isto agradoume, e pronto comprendín que a maioría dos nenos pequenos estranxeiros falaban o galego igual que os daquí.

Por todos estes motivos a miña idea de que non existía un lugar sen discriminación mudou porque agora si que podo dicir que si que existe e ese fermoso lugar chámase BURELA, o que dende agora será o meu pobo.

Gorety Pérez
1º premio de relato
Categoría: 3º e 4º de ESO

Ollos marróns

Ver pasar o tempo era a súa maior distracción, quizais case a única que lle quedaba. Antes vivía en Marrocos pero fai algúns anos decidírase a vir a Burela. Dixéranlle que era un bo pobo para traballar no mar e a el encantáballe mirar o seu azul todos os días desde os seus ollos marróns, e víao forte como quería chegar a ser el un día. Esta imaxe sen dúbida era froito da súa lexendaria imaxinación de soñador que o acompañou toda a súa vida.

A súa mañá de observador comezaba cando se sentaba na terraza do bar e dende alí miraba toda a xente que pasaba co seu ollar distraído...

Sempre pedía o mesmo, unha clara de limón, mentres que ía vendo como pasaba a xente e el intentaba adiviñar os seus pensamentos, os seus desexos e con iso viaxaba por todo o mundo mentalmente se necesidade de gastar cartos, que non lle sobraban naquel momento.

Aquela mañá a súa mente divagou polas illas gregas, continuou coa ruta da seda, marabillouse co lonxano oriente, embarcouse nun barco rumbo aos mares do sur e fixo un safari polo centro de África, todo iso en poucas horas. Logrou percibir olores, cores e ata gozou de sabores indescritibles. As miradas que de vez en cando se cruzaban coa súa eran capaces de envolvelo nunha atmosfera de fantasía e felicidade ou pola contra de realidade e sufrimento. Eran ollares de nenos, adultos, anciáns e todos diferentes. Cada un tiña unha historia que contar e era dun país diferente, que enriquecía as súas historias inventadas e a súa imaxinación. Supoñía que iso tamén podería enriquecer Burela, xa que grazas á diversidade social había moita máis cultura nas mans de todos os que quixeran saber, e iso era algo incrible. Por iso lle gustaba tanto ese pobo tamén, e pola aceptación e as oportunidades que lles daban á xente coma eles, a estranxeiros. Tamén en Marrocos vira nos ollos dalgún mariñeiro a ledicia que sentía cando este regresaba á súa casa: ese pobo chamado Burela, e a mágoa e a morriña que sentía fóra del... supoño que coma todos. El botaba de menos Marrocos, por suposto, pero estaba moi a gusto tamén neste pobo galego. Ademais aquí hai historias máis interesantes que poder contarlles aos seus fillos e estes á súa vez aos seus netos. Alí case todo é sufrimento, aínda que era o seu fogar e sempre o recordaría.

E así, aturdido despois de tanto pensar e intentar imaxinar, chegou á casa esgotado, pero aínda lle quedaron forzas para contarlles as historias de hoxe aos seus fillos. Entón, o máis pequeno díxolle algo que xamais esquecería e lle fixo encherse de ledicia.

Grazas por todo, papá!

Laura Trelles
2º premio de relatos
Categoría: 3º e 4º de ESO

Entra sen chamar

Bob Dylan estaba a petar, tanto nas portas do ceo coma nas do meu soño. Petaba cunha insistencia rítmica que me fixo abrir os ollos, amolada. Estirei o brazo, apaguei o espertador e fiquei queda, oíndo o silencio xordo que se espallaba polo cuarto. No meu maxín, Bob Dylan seguía a chamar á miña consciencia; faltaba moito para que eu voltase a ser persoa.

Auga fría, silencio, café, luvas, frío. O ceo está azul, un azul intenso que tenta competir co mar. Enfilo a rúa, sen mirar sequera o escaparate da librería. Vou algo xusta de tempo.

Burela esperta ao meu redor, abre os ollos con preguiza e mírame camiñar sobre ella. As farolas apáganse, comezan a pasar coches.

- ¡¡Noa!! Ay, mi niña, ¡cuánto tiempo! ¿Qué tal estáis todos? Ay, dame un beso, qué guapa estás, cuánto has crecido...- Lucinda cólleme desprevida. De golpe e de fronte, nesta vila atópaste con calquera ao dobrar a esquina.

- Ola! Non sabía que voltaras! Que tal todo por Perú?

- Pues...- a súa face muda de expresión, a luz que fai un intre cintilaba no seu ollar apágase, de súpeto.- Bien, mi niña. No tuvimos problemas en la aduana; nos lo arregló todo tu abuelita. Qué buena es esa mujer... Un día paso a verlas. Con lo bien que se portó con mi Richy antes de... Bueno, ya tú sabes de que te estoy hablando...

Mira para min, asinto coa cabeza e intento sorrirlle. Mais as lembranzas son cravos moi finos que custa sacar. Parece que foi a semana pasada cando Richy me chamaba con esa voz tan forte e alegre para ensinarme, orgulloso, a súa filla recén nada. Era mariñeiro. Traballaba no "Siempre Casina". Con iso creo que queda todo dito.

Desembarázome de Lucinda e apreto o paso cara ao instituto. Teño Historia a primeira hora e convíñame non chegar tarde. Paso ao lado dun portal aberto e del sae alegremente unha nena de ollos rasgados.

- Bos días, Lin!!- miro dentro do portal.- Bos días, Carme!!

Nai e filla devólvenme o saúdo. Véselles moi felices. Non me estraña, hoxe vai bo día e teñen unhas actividades especiais polo día da Paz na escola. Lin estará moi ilusionada.

Sigo o meu camiño (sempre me maldigo por vivir tan lonxe do instituto) e, ao cruzar a vía, atópome con dúas mulleres novas que me resultan familiares. Unha ten a pel aceitunada, os ollos escuros, e un corpo forte e alto; a outra, porén, é baixiña e miúda, cunha pel coma a caoba, brillante, cun sorriso branco e espléndido.

Aos dous segundos decátome:

- Katy, Neda!! Ola!

Xiran a cabeza, sorrín.

- Noa! Ola! Que tal?- Danme catro bicos, dous por cada unha.

Falamos da familia, do traballo, do tempo, do restaurante turco que abriu hai uns días, de que Katy vai casar con outro rapaz caboverdiano da vila, de páxinas web con citas árabes que me recomenda Neda, da crise, da vida, de todo e de nada.

Cando me quero decatar, xa chego dez minutos tarde á clase. Despídome delas e comezo a correr, coa mochila ás costas. Sinceramente, non lle recomendo a ninguén subir a avenida Arcadio Pardiñas correndo. Chego á altura dun grupo de rapaces, indonesios, saúdoos cun sorriso. Coñézoos, un día no paseo estiveron a xogar coa miña irmá pequena.

Nese intre, sae dun coche a miña prima Marta. Vaia... hoxe é o día de atoparse con xente... Marta vive nunha aldea que queda cerquiña de aquí, traballa nunha empresa que trae estranxeiros (principalmente indonesios) para aquí, para traballar no mar. Ofréceme subirme en coche. Tras os dous rigorosos bicos e o intercambio de información ("Que tal todos na casa? Pasoulle o gripe a túa avoa?"), monto no coche e... á fin! Chego ao centro.

Cruzo a porta con rapidez, a conserxe está pegando un cartel de Cáritas na porta. Lémbrome dos bocadillos que lles daba o meu avó aos romaneses que viñan pedir algo. Lémbrome do sacerdote, don Ramón, das axudas que lle dá á xente que non ten case nada.

Chego vinte minutos tarde. Son incorrixible, seino. Pero mentres a profesora me berra e me rife, mentres Sofía me pregunta polo baixo onde estiven ata o de agora... Eu funme, desconectei.

Agora mesmo só penso en toda a xente que hai neste lugar. Penso que somos todos uns traballadores, uns "currantes". Todos dependemos de todos. Nunca oín falar dun lugar como Burela. Quero dicir... Aquí todo está aberto a todo, todo se interrelaciona. Non hai barreiras mais cás que os ignorantes queiran poñer na súa cabeza. Penso en Richy, en Katy, en Neda...

Penso que Burela é unha illa, un oasis, un lugar prodixioso. Burela é un ceo, un ceo aberto, que non precisa competir co mar. Un lugar onde Bob Dylan non tería que petar para entrar.

Laura Ramos Cuba
1º premio de relato
Categoría: 1º e 2º de BAC

Unha nova vida

Era un día moi soleado. Era verán. Estaba a comezar a famosa década dos anos oitenta. Non era un día calquera. Era moi especial. "A miña vida vai a cambiar para sempre" pensara eu, e así foi. Recordo o meu desembarco, a miña benvida, os meus temores, o familiar e agarimoso ollar dos veciños, o agradable cheiro do mar, o son das ondas batendo contra as paredes do porto, as gaivotas sobrevoando o ceo, o orgulloso Ramón esperándome cos brazos abertos... Era o comezo de algo novo.

Daquela, esta pequena vila pesqueira estaba pouco acostumada a recibir xente de lugares tan afastados coma min, mais, en ningún momento a xente amosaba desprezo, desaprobación nin afán de nos marxinar ou discriminar, ao contrario. Agora este feito xa é considerado algo habitual, somos uns deles.

Non teño moi claro por qué sempre me lembraba da miña historia cando o vía a el. Eu, xa era vella, nacín nunhas famosas illas do Océano Atlántico: Cabo Verde, e vin aquí, nunha longa viaxe para xuntarme co meu home, Ramón. Pola contra, el, Ángelo Reyes, era novo, non chegaba aos dez anos e era orixinario dunha rexión do sur de América, Perú. Atravesara todo o Océano Atlántico coa súa nai. O seu pai, Xesús, instalárase aquí cinco anos antes. Coma todos os inmigrantes adicábase á pesca. Era mariñeiro, un home traballador, comprometido e entregado á súa familia. Non descansou ata que puido comprobar que esta vila, Burela, ía ser a axeitada para os seus. Loitou cada día por gañar o necesario para vivir e para aforrar o diñeiro para pagar as pasaxes dos seus. Tardou, mais conseguiuno. Recordábame ao meu Ramón, el fixera o mesmo por min e pola nosa filla. Para min eran o prototipo de persoas dignas de admirar. Ramón xa non está connosco, mais deixounos o mellor agasallo posible: poder vivir neste hemisferio, neste continente, neste estado, nesta nación, nesta vila.

Ángelo era tímido, o primeiro sorriso que lle roubei fora toda una vitoria para min. Eramos veciños, o cal me permitía seguir os seus movementos. Dende o comezo sentira simpatía cara a el. Seica se matriculara na escola. A adaptación fóralle moi complexa; o sistema educativo era moi diferente e os coñecementos, tamén. Por suposto, a lingua tamén lle supuxera un forte obstáculo. Debo recoñecer que endexamais lle vin un mal xesto e en ningún momento o vin desanimarse. Con perseveranza, pouco a pouco foise poñendo ao día. O problema lingüístico axiña desapareceu: Que mellor maneira para aprender un idioma que xogando e convivindo cos nenos nativos? Ademais sempre dixo que os profesores amosaban un grande interese en axudalo. Era un rapaz moi curioso, ordenado e cun gran afán por aprender. Eu limitábame a observalo, moi orgullosa. Non era o meu fillo, pero, como xa dixen, sentíame moi identificada con el.

Súa nai era unha muller de constitución moi forte e psicoloxicamente tamén o era: tiña unha forza de vontade sorprendente. Loitadora tamén, coma o meu Ramón, coma Xesús, coma Ángelo. Acostumaba visitala. Gustábame falar con ela, poñer en común as nosas experiencias, coñecer os seus proxectos, ... Vivía para Ángelo. Os anos foron pasando. El foi crecendo. Levou a cabo moitos adiantos. Xa non é que conseguira superar as barreiras supostas polo proceso de resocialización: era un dos alumnos máis aplicados. Destacaba sobre todo en Bioloxía. Fascináballe. Era realmente bo.

Convertérase en todo un homiño. Sempre o vía arrodeado de amigos. Podo afirmar que estaba plenamente integrado. Ao igual que todos nós. O tempo pasaba para todos, e para min tamén.

A miña saúde ía empeorando, algo habitual coa idade. Ángelo acostumaba facerme compaña entre saída e saída, exame e exame: de vez en cando. Facíame rir. Na seguinte tempada, pasei algún día sen velo. Parecíame raro. Oía moito balbordo na súa casa. Choros e berros (creo que de dor). Alarmeime. Foi entón cando decidín acender o televisor e puiden comprobar que algo acontecía. A nosa pequena vila era a protagonista dos diferentes telexornais. Unha catástrofe. Un afundimento. Varias mortes. Familias destrozadas. O destino quixo que a vida de Ángelo quedase marcada por unha desgraza. El quedara sen pai, ela sen marido, o barco sen tripulante. Todos choraron a súa morte e despois dos seus ritos funerarios, dixéronlle adeus. Un adeus cheo de dor, de impotencia, de tristura, de mágoa e de agradecemento. Sobre todo diso último. Xesús vivira para eles, o cal, foi o seu consolo e tamén a súa forza para continuar e permanecer unidos, loitando por manter o que el comezara, por un futuro no que sempre lles faltaría, mais no que se comprometeran a aproveitar ao máximo esa vida que conseguiran despois de tanto esforzo.

Súa nai atopou un traballo co que poderse manter, mais, o pobo burelense tamén tivo un importante papel. Os psicólogos escoitáronos con pracer, os comerciantes foron xenerosos, os profesores comprensivos e os amigos, o que ese nome implica. Todos estabamos dispostos a axudar a aquela familia que tras varios anos viramos crecer, sobre todo en felicidade. Todos lembrábamos a ilusión coa que chegaran, a ledicia que conseguiran experimentar... Eu, despois do acontecido, uninme moito máis á nai de Ángelo. Eramos unha, coñeciámonos á perfección.

As ondas bateron contra as paredes do porto, as gaivotas sobrevoaron o noso ceo. O mar continuou co seu agradable cheiro. Pasaron anos e anos. Hai un tempo que me diagnosticaron un tumor cerebral. Preciso unha operación que supón un alto risco. A miña existencia periga. Teño medo. Sei que de estar en Cabo Verde a fin dos meus días sería moito antes. Sei que aquí dispoño dunha óptima sanidade, de todos os coidados que poida precisar, mais, existe unha alta porcentaxe de posibilidades de que a intervención saia mal. Acéptoo, estou concienciada. Nuns días trasladaranme ao hospital de Coruña. Din que me atenderá un especialista en neurocirurxía moi bo. Fíome, comezo a divagar. Póñome a pensar na miña familia caboverdiana. Onde estará? Que será deles? Estarán ben? Poderei volver velos? Novamente, penso en Ángelo. É algo automático a identificación. Fai bastante tempo que non o vexo. Nunha das súas visitas súa nai ensinoume varias postais que el lle mandara. Estaba realmente ilusionado. Estaba moi ocupado cos seus estudos, pero á vez, tiña a oportunidade de viaxar por todo o mundo. Gustaríame que estivese preto de min nestes momentos. Un pensamento pesimista apodérase da miña mente: "E se algo sae mal, se non o podo contar?" Encantaríame velo.

As horas pasan lentas. A dor agudízase. Xa é a hora do desprazamento. Viaxe en helicóptero. Unha vez máis, volvo a dar grazas polos luxos dos que podo dispoñer. Chego ao destino. Instálanme nunha habitación e infórmanme de que virá axiña o meu cirurxián. Cunha voz moi doce pronuncian as seguintes palabras: "Tranquila, señora, nuns instantes atenderaa o doutor Reyes, ten vostede moita sorte de poder contar con el. Ánimo". O meu ritmo cardíaco aumenta. Os meus ollos amosan sorpresa, asombro, finalmente ledicia. De seguido, os meus beizos debuxan un gran sorriso.

María Santiago Cañizal
2º premio de relato
Categoría: 1º e 2º de BAC

Carlos Portela

Luns, 25 de xaneiro de 2010. Ese era o gran día que os organizadores dos Segundos Encontros de Banda Deseñada na Mariña agardabamos con nervios, pero ilusionados, tras o éxito que tiveran os primeiros o ano anterior.
Se os primeiros se iniciaron cun dos grandes da BD galega, Kiko da Silva, para os segundos queriamos estar á mesma altura. E o persoeiro da BD galega elixido para ese día era nin máis nin menos que o recoñecido guionista, Carlos Portela.
Engaiolounos a todos, tanto ao alumnado de 1º de BAC como ao profesorado asistente, coas súas explicacións. Nas caras do alumnado puido verse perfectamente o asombro cando na súa presentación se dixo que tiñan diante deles ao guionista de series actuais tan exitosas da TVG como Padre Casares ou Matalobos, das que el asegurou sentirse moi orgulloso.
Xa no terreo do cómic, anunciounos que ía seguir coa reedición da famosa Esther, cómic feminino emblemático que acadou un enorme éxito de vendas.
Como é guionista tanto de BD como de series de televisión tivemos a oportunidade de que este profesional de excepción nos explicase as diferenzas entre a maneira de elaborar guións para un cómic ou para unha serie televisiva que conseguisen ter tantos seguidores coma os que el fixo e fai.
Deste xeito, pasamos tres horas inesquecibles, nas que Carlos Portela nos abriu os ollos ao que hai detrás da creación de guións (que, por certo, non é pouco) e nas que nos animou a todos a ler cómics e a traballar con eles nas aulas, a non encerrarnos na lectura só de narrativa, poesía ou teatro. E así estamos empezando a facelo.
Só nos queda agradecerlle a súa boa dispoñibilidade para estar connosco dende o primeiro momento en que se lle propuxo dar comezo a estes Segundos Encontros e a amabilidade que mostrou durante todo o obradoiro de guións de BD.

Mª José Andión Fontela
Profesora Lingua castelá

Dous grandes pianistas do século XIX

Chopin e Schumann

Ambos músicos pertencen á época do romanticismo. Sacan da nada o estilo pianístico máis fermoso e orixinal do século XIX. De feito, Schumann foi o único que comprendeu a Chopin.
Eran pianistas clásico-románticos e poéticos. Pero desgraciadamente os dous padeceron unha grave enfermidade, distinta en ambos, pero de igual gravidade, e que puxo en perigo a súa carreira como músicos.
Chopin enfermou de tuberculose, polo que comezou a debilitarse e a súa forza diminuíu ata o punto de non permitirlle tocar un forte no piano.
Por outra banda, Schumann padecía unha parálise nun dedo da súa man dereita, debido seguramente ao tratamento que recibiu a causa dunha chaga de orixe sifilítica, e o seu dedo quedouse permanentemente debilitado e non podía controlalo totalmente polo que a súa carreira como pianista cerrouse para el.
Estes dous grandes homes pertencían ao século XIX, o século do piano, o século do romanticismo, e os ambos fixeron da música algo mellor.

Tania Fernández Cordido
4º ESO A

ABASTECIMIENTOS
Eugenia López
CEPSA
Gasóleos a Domicilio:
Calefacción - Agrícola
Automoción
Tfno.: 982 140 096 - Fax: 982 132 252
27780 F O Z (Lugo)

Herramientas
Ferpa S.L.
Avda. Benito Galcerán, 30 - Bajo
27850 VIVEIRO (Lugo)
Tel.: 982 56 26 55 - Fax: 982 55 13 21
e-mail: ferpaviveiro@eresmas.com
AENOR
ER
Empresa Registrada
ER-1962/2004
E.Net
ISO 9001:2000

ARMADORES DE BURELA S.A.
ABSA

BAR
COMIDAS
HOSPEDAJE
JR
C/. Instituto, n.º 8
Teléfono: 982 58 15 57
27880 B U R E L A (Lugo)

peixoto pinturas
PINTURAS EXTERIOR E INTERIOR
ESTUCOS E ALTA DECORACIÓN
TARIMA FLOTANTE
Teléfono: 630 766 434

AUTOCARES
EL RAPIDO
Teléfono: 982 507 400
Teléfono Particular: 982 521 782
Fax: 982 507 310
27740 MONDOÑEDO (Lugo)
RAPIDOMONDOARR@terra.es

Gráficas GARFE BURELA

CARLIN®
LA FRANQUICIA LIDER EN PAPELERIA
LOPEGAR BURELA, S.L.
C/. Rosalía de Castro, 61 (Frente a Residencia 3.ª Edad)
27880 BURELA (Lugo)
Teléfono - Fax: 982 58 58 48

ORDOÑEZ
MATERAL DE OFICINA S.L.
- SERVICIO TÉCNICO -
J. Navia Castrillón, 18
Teléfono: 982 56 01 65
27880 BURELA (Lugo)
Marqués de Sargadelos, s/n.
Teléfono/Fax: 982 58 01 58
27850 VIVEIRO (Lugo)

www.garsan.es
garsán
mecanizados

atrobo
instalaciones
fontanería - calefacción - gas
riego automático de jardines
energía solar
www.atrobo.es
982 58 00 63 - 670 06 35 36
burela

CONCELLO DE BURELA